"A dispoñibilidade de solo empresarial nos lugares e condicións adecuadas, e a prezos alcanzables, é unha das cuestións prioritarias que poden afectar ao desenvolvemento de proxectos empresariais. Por esta razón, a Xunta de Galicia está a levar diversas actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo ao longo de toda a Comunidade Autónoma, que facilite a implantación e crecemento das empresas, e contribúa á creación de emprego, especialmente no sector empresarial.

Ao igual que no resto de comarcas de Galicia, no caso da de Ourense, a Xunta de Galicia considera importante desenvolver actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo empresarial.

En relación ás medidas desenvolvidas pola Xunta de Galicia, a planificación do solo empresarial realízase a través do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOATEG). Este instrumento planifica e localiza a superficie de solo empresarial de carácter supramunicipal, e define os ámbitos do territorio susceptibles de acoller actuacións deste tipo para cubrir as necesidades a longo prazo. O desenvolvemento do solo empresarial nas áreas empresariais de interese autonómico vén regulado principalmente na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia. Polo tanto, o desenvolvemento do solo empresarial depende das tramitacións dos procedementos administrativos previstos na normativa, así como da dispoñibilidade de recursos orzamentarios e da priorización derivada das necesidades reais de solo empresarial nas distintas zonas da Comunidade Autónoma.

O parque empresarial do Pereiro de Aguiar levouse a cabo en distintas fases, rematándose en novembro de 2009 as obras de urbanización da última fase, denominada Polígono 2B. O Polígono 1 conta cunha superficie lucrativa de 164.662 m² e foi posto á venda arredor de 1996; o Polígono 2A conta cunha superficie lucrativa de 118.191,58 m² e foi posto á venda en xuño de 2005; mentres que o Polígono 2B inclúe unha superficie lucrativa de 82.883 m² e púxose á venda en outubro de 2008. O investimento total nas tres fases foi de 12.742.568€.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Na segunda modificación do PSOAEG, cuxa aprobación definitiva produciuse o 21 de decembro de 2023 (DOG 25 de xaneiro de 2024), inclúese a ampliación deste parque empresarial – Fase III (código 32058014).

A ampliación do parque empresarial do Pereiro de Aguiar está en marcha por parte da Xunta de Galicia cunha superficie total de 231.107 m². Con data 17 de abril de 2023 Xestión do Solo de Galicia SA (en diante, Xestur) licitou o servizo de redacción do plan estruturante de ordenación de solo empresarial (PEOSE) e os instrumentos de desenvolvemento e execución. Unha vez aprobada a modificación 2 do PSOAEG, o contrato adxudicouse o 30 de xaneiro de 2024 a Ordenación Territorial, Infraestruturas e Medio Ambiente S.L. (OTIMA).

O 23 de xullo de 2024 solicitouse á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático o inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade emitiu o informe ambiental estratéxico do PEOSE con data 23 de outubro de 2024.

Á vista do informe ambiental estratéxico redáctase o PEOSE para aprobación inicial. Mediante resolución do 28 de febreiro de 2025, da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial procédese á aprobación inicial do PEOSE do parque empresarial do Pereiro de Aguiar-Fase III. Mediante anuncio do 3 de marzo de 2025, publicado no DOG e BOP de Ourense con data 19 de marzo de 2025, sométese a información pública o documento aprobado inicialmente para que calquera persoa interesada puidese achegar cantas observacións e suxestións considere convenientes.

Simultaneamente ao trámite de información pública, a aprobación inicial do plan foi notificada individualmente ás persoas titulares catastrais dos terreos afectados, deuse audiencia ás deputacións provinciais e ás entidades locais sobre as que incide o plan e solicitaranse ás administracións públicas competentes os informes sectoriais preceptivos.

Actualmente, estase traballando en adaptar o documento ao resultado dos trámites de información pública e audiencia, así como dos informes emitidos polos distintos organismos sectoriais antes de proceder á aprobación definitiva do documento.

Por outra banda, a Xunta de Galicia a través de Xestur está promovendo a actuación de ampliación de solo empresarial en San Cibrao das Viñas nos terreos da antiga ampliación do Parque Tecnolóxico de Galicia, actuación incluída no PXOM de San Cibrao das Viñas. Con data 30 de abril de 2024 foi aprobada definitivamente a modificación do plan parcial co obxectivo da adaptación ao plan sectorial da rede viaria de Ourense, así como a reordenación do ámbito.

Xestur presentou o proxecto de urbanización no rexistro do concello de San Cibrao das Viñas o 2 de xullo de 2024 para tramitación. O proxecto foi aprobado inicialmente e sometido a información pública o 16 de xaneiro de 2025, así mesmo, foron recadados os informes sectoriais pertinentes. Actualmente, encóntrase en redacción a versión final do proxecto para aprobación definitiva.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Ademais, a Xunta de Galicia ten impulsado tamén a creación doutras figuras que facilitan a implantación de actividades industriais no territorio de Galicia, como os proxectos industriais estratéxicos, definidos como iniciativas empresariais que se estime que teñen tal carácter pola súa función no desenvolvemento, implantación ou execución da política industrial autonómica e a súa incidencia económica ou social e que cumpran unha serie de requisitos establecidos no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

Nesta liña, na Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas inclúese a modificación do Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en política industrial, engadindo a posibilidade de tramitación conxunta de proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial e proxectos industriais estratéxicos, poñendo, deste xeito, a disposición do tecido empresarial unha posibilidade de desenvolver solo de xeito áxil con redución de prazos.

Igualmente na citada Lei 5/2024, inclúense, entre as medidas temporais e excepcionais dirixidas á creación de solo empresarial, os proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial en municipios rurais cunha tramitación simplificada, na cal se posibilita a redución dos prazos xerais para actuacións de solo empresarial en municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes para crear unha área empresarial de ata 5 ha.

En relación ás melloras nos parques empresariais existentes a Xunta de Galicia concedeu axudas para melloras do parque empresarial do Pereiro de Aguiar. Así no ano 2024 concedeu unha axuda de 38.103,79 € para a mellora da eficiencia enerxética na iluminación do parque empresarial e unha axuda de 36.603,12 € para a mellora da infraestrutura viaria no parque empresarial. No ano en curso tamén se concedeu unha axuda por importe de 119.966,77 € para melloras no pavimento e sinalización de viales do parque empresarial.

No concello de San Cibrao das Viñas concedéronse axudas no ano 2024 para a instalación eléctrica de BT a mellora da rede troncal de vídeo vixilancia do polígono de Barreiros (41.383,84 €) e no polígono de San Cibrao das Viñas (41.443,38 €).

Por outro lado, dende a AXI levouse a cabo nos últimos anos un inxente esforzo na área metropolitana de Ourense por ofrecer unhas conexións adaptadas ás necesidades dos usuarios das vías, combinando dinamismo e seguridade viaria. As áreas empresariais, nas súas funcións de motores económicos das poboacións nas que se asentán, non foron unha excepción.

En canto á conectividade coa rede viaria, o acceso principal de acordo coa planificación en materia de estradas do Estado correspóndese coa Rolda Este de Ourense. Foi planificada no Plan Sectorial da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia como parte da Rolda Este de Ourense, e o Estado asumíuna na súa propia planificación (PITVI) para a súa execución.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Non obstante, o primeiro treito (A-52 – N-525) desta rolda, que mellorou significativamente o acceso aos parques empresariais, foi executado pola Xunta de Galicia coa obra “Vial de conexión da A-52 co polígono industrial de San Cibrao das Viñas, treito A-52 – N-525”, cun investimento a prezos de licitación de 17.399.271,11€, e financiamento FEDER 14/20, nun 80%. As obras tiñan un prazo de 24 meses, que se cumpriu, tras a execución de 4,5 km, onde destacan as conexións resultantes ca rede viaria, como o enlace coa A-52 e a A-31 ou a glorieta coa N-525, ao sur do actual polígono industrial de San Cibrao.

Corresponde coa VG-3.1, que une Gargantós nun cruzamento coa A-52 e Noalla á altura da OU-525, ao seu paso polos Concellos de Taboadela e San Cibrao das Viñas. Polos seus 4,5 km de lonxitude circulan uns 2.701 vehículos, segundo datos do 2024.

A continuidade da Rolda Este foi proposta ao Estado para o seu financiamento con cargo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia dos fondos europeos Next Generation, no marco dunha liña de actuación de “Conexión de polígonos industriais e centros loxísticos coa Rede Transeuropea de Transporte”.

Esta posibilidade de financiamento foi rexeitada polo Estado. Unha oportunidade perdida, a pesar de ter un encaixe moi claro nos seus obxectivos, ao tratarse da conexión cun polígono industrial e zona loxística coa rede transeuropea de transporte por estrada (A-52). Corresponde por tanto ao Estado, de acordo coa súa planificación, financiar a continuidade desta Rolda Este.

Por parte da Xunta, neste mesmo ano, vimos de aprobar o proxecto de trazado do treito da Rolda Este de Ourense no treito Bemposta coa N-525, e que dará continuidade ao treito Rairo-Bemposta do vial periférico que discorre polo leste da cidade de Ourense, pechando así a circunvalación de Ourense polo sur.

Neste último vial, de case 14 km, e que transcorre ademais por Allariz e Taboadela, a Xunta de Galicia viuse obrigada a asumir a titularidade deste treito da N-525, rebautizado como OU-525, para facer posible a execución da obra de Acceso ao polígono de San Cibrao dende a A-52, ante a negativa do Ministerio de Fomento daquela a autorizar a conexión na N-525”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33616
Data envío: 09/09/2025 14:14:39.118

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 14:14:38

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 7253**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e don Luis Bará Torres, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto da situación do servizo de transporte público por estrada baixo demanda e do papel que desempeña dentro da intermodalidade, así como sobre as medidas que prevé levar a cabo co fin de mellorar o servizo e expandilo entre a cidadanía"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O autobús interurbano baixo demanda permite ofrecer servizos de transporte público regular en poboacións nas que, pola súa dispersión ou por existir un uso pouco recorrente, non é viable o establecemento da totalidade dos servizos de autobús como fixos, coa necesaria eficiencia no uso dos recursos dispoñibles.

A oferta de servizos do Plan de transporte público de Galicia conta con máis de 2.400 liñas con cando menos unha parada que se presta baixo demanda, que atenden unha rede de 23.700 paradas, e nas que cada ano están establecidas máis de 640.000 circulacións nesta modalidade. Así, dúas de cada tres liñas do PTPG contan con algunha parada baixo demanda e un de cada catro servizos préstase nesta modalidade.

Unha das características do servizo é a accesibilidade e a facilidade de uso para a cidadanía. Para viaxar só se precisa unha petición previa que se pode facer por teléfono, que permite reservar servizos para os seguintes 15 días, ou ben directamente a través do buscador de servizos da páxina web www.bus.gal ou a aplicación para móbiles Transporte Público de Galicia.

A modalidade baixo demanda contribúe á ofrecer a máxima capilaridade do servizo de autobús para chegar ao maior número de núcleos de poboación. Ademais, cabe ter en conta que unha parte significativa das paradas que se prestan baixo demanda se atopan no transporte integrado ou compartido, que atende os escolares de ensino obrigatorio por toda a comunidade.

A memorial anual do PTPG permite comprobar a tendencia crecente de uso do transporte baixo demanda, que se incrementou un 36% no último período de análise da memoria ata achegarse aos 1.100 usuarios de media ao mes. Tamén se observa que Ourense é a provincia na que máis usuarios empregaron esta modalidade, con máis da metade do total de Galicia.

O conxunto de cifras dan conta da utilidade social do transporte baixo demanda, polo que a Xunta de Galicia seguirá tendo en conta todas as posibilidades de mellora e adecuación destes servizos para atender coa maior eficiencia as necesidades de mobilidade da cidadanía".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 11:22:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33377
Data envío: 07/09/2025 11:22:04.588

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 7846**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona Lara Méndez López, sobre **"o impulso dun novo marco para a planificación e ordenación da enerxía eólica en Galicia e a procura de medidas fiscais medioambientais para favorecer os concellos afectados polas instalacións"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O modelo eólico galego xa vén recollido na mesma norma que está o modelo enerxético de Galicia para os próximos anos, isto é na Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

Esta norma persegue unha cuestión básica: que todo proxecto enerxético que se queira desenvolver na nosa Comunidade ten que garantir un beneficio social e económico nos territorios a implantar. Unha norma que nos sitúa ao carón das primeiras economías de Europa e que nos vai permitir avanzar na descarbonización da nosa Comunidade, no autoabastecemento e a autosuficiencia e que vai xerar un crecemento industrial e enerxético decisivo, non só nesta lexislatura, senón nas vindeiras. É unha norma que non supón ningún menoscabo na protección ambiental e nas esixencias ambientais a calquera proxecto.

Con todo, non podemos esquecer que ata o de agora xa houbo medidas para garantir beneficios no territorio. Nomeadamente, as modificacións normativas que promoveron:

- A firma de contratos de compravenda de enerxía a longo prazo e a prezo competitivo (PPA), como foi o caso de Resonac ou Alcoa.
- Ou a firma de convenios cos concellos de tal forma que se garanta que estes perciben unha parte dos beneficios dos parques.

Pero a lei de recursos naturais é un paso máis e ás tramitacións garantistas desde un punto de vista ambiental, engade unha garantía de xeración de beneficios no territorio.

Esta lei, xunto co novo Plan Sectorial Eólico, será un instrumento clave para desenvolver a política enerxética do Goberno galego ao longo desta lexislatura co obxectivo de avanzar na descarbonización, no autoabastecemento e no crecemento industrial e enerxético de Galicia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Precisamente, o novo Plan Sectorial Eólico constitúe unha aposta da Xunta de Galicia para continuar co desenvolvemento sustentable da enerxía eólica. Así, a Xunta de Galicia, máis de 20 anos despois da última modificación do actual Plan eólico que data de 1997, e unha vez acadados os MW obxectivo (6.500) entre parques en funcionamento e autorizados, consideramos oportuno elaborar un novo instrumento. Unha ferramenta que permitirá:

- Facilitar o binomio enerxía-industria, achegando as infraestruturas enerxéticas ás zonas de asentamento empresarial.
- Conseguir máis xeración de enerxía en menos superficie como vía para ter un aproveitamento máis racional dos nosos recursos naturais.
- Reducir o impacto das infraestruturas enerxéticas.
- Dar unha maior seguridade xurídica ao desenvolvemento de proxectos enerxéticos.
- E traccionar toda a cadea de valor que temos en Galicia e que, como consecuencia da paralización xudicial, está a sufrir unha situación límite.

En canto ao canon eólico, o configurado pola Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e Fondo de Compensación Ambiental, partía da realidade tecnolóxica dos parques eólicos nese momento, conformados na súa maioría por moitas máquinas de reducida potencia, e tiña unha clara pretensión de incentivar a instalación de parques con menos máquinas para unha mesma potencia por parque, incrementando o importe do canon a medida que aumentaba o número de máquinas do mesmo, e entendendo que así se beneficiaban as instalacións cunha afección e impacto visual e ambiental menor derivado do seu menor número de aeroxeradores.

Porén, a realidade da tecnoloxía eólica mudou substancialmente nos anos transcorridos dende a aprobación da lei no ano 2009, incrementándose a altura dos aeroxeneradores, de forma que aumenta a súa potencia unitaria, e como consecuencia, nos proxectos dos últimos anos produciuse unha redución notable do número de aeroxeneradores por parque.

Co obxectivo de adecuar o canon á realidade tecnolóxica e da configuración actual dos parques, modificouse de tal xeito que a base imponible pase a ser a suma total da altura dos aeroxeneradores do parque, xa que é esta a característica na implantación actual dos parques eólicos que provoca unha maior afección e impacto visual e ambiental.

Sobre a devandita base imponible estableceuse a seguinte cota: 75€ por cada metro de aeroxerador”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33722
Data envío: 10/09/2025 16:21:48,536

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/09/2025 16:21:48

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 11529**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña, don Ramón Fernández Alfonzo e don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre **"o retorno á sociedade galega dos beneficios do sector eólico, así como a modificación do actual canon eólico segundo a nova realidade tecnolóxica e das regras de repartición e uso do Fondo de Compensación Ambiental"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"É preciso ter en conta que o feito impositivo do tributo do canon eólico, segundo o artigo 11 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, é a xeración de afeccións e impactos visuais e ambientais adversos sobre o medio natural e sobre o territorio, como consecuencia da instalación en parques eólicos de aeroxeradores afectos á produción de enerxía eléctrica e situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

É dicir, a configuración e a natureza deste gravame responde a unha finalidade clara: é un gravame medioambiental. Polo tanto, non é un tributo da produción de enerxía eléctrica na que se deba ter en conta a potencia de xeración dos aeroxeradores.

Esta cuestión non é menor. De feito, o canon eólico foi ratificado na sentenza do TS de 20 de febreiro de 2018, na que se recolle que:

"(...) existiendo una relevante finalidad extrafiscal de naturaleza ambiental en su ordenación, plasmada principalmente en la figura del Fondo de Compensación Medioambiental (...)"

No caso de que se gravara en función da potencia, estaríamos a falar dun imposto á enerxía, cuestión para a que a comunidade autónoma non ten competencias.

O canon eólico configurado pola Lei 8/2009, do 22 de decembro, partía da realidade tecnolóxica dos parques eólicos nese momento, conformados na súa maioría por moitas máquinas de reducida potencia, e tiña unha clara pretensión de incentivar a instalación de parques con menos máquinas para unha mesma potencia por parque, incrementando o importe do canon a medida que aumentaba o número de máquinas do mesmo, e entendendo que así se beneficiaban as instalacións cunha afección e impacto visual e ambiental menor derivado do seu menor número de aeroxeradores.

Porén, a realidade da tecnoloxía eólica mudou substancialmente nos anos transcorridos desde a aprobación da lei no ano 2009, incrementándose a altura dos aeroxeneradores, de forma que aumenta a súa potencia unitaria, e como consecuencia, nos proxectos dos últimos anos produciuse unha redución notable do número de aeroxeneradores por parque.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Co obxectivo de adecuar o canon á realidade tecnolóxica e da configuración actual dos parques, modificouse de xeito que a base impoñible pasou a ser a suma total da altura dos aeroxeneradores do parque, xa que é esta a característica na implantación actual dos parques eólicos que provoca unha maior afección e impacto visual e ambiental.

Sobre dita base impoñible estableceuse a seguinte cota: 75€ por cada metro de aeroxerador”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33721
Data envío: 10/09/2025 16:21:42.523

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/09/2025 16:21:42

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 12952**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona Patricia Iglesias Rey e dona Lara Méndez López, sobre **"o acordo da Consellería de Economía, Industria e Innovación para a materialización do seu apoio á construción do novo polígono industrial do concello de Ribeira, o financiamento previsto e o prazo en que podería estar dispoñible"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A dispoñibilidade de solo empresarial nos lugares e condicións adecuadas, e a prezos alcanzables, é unha das cuestións prioritarias que poden afectar ao desenvolvemento de proxectos empresariais. Por esta razón, a Xunta de Galicia está a levar diversas actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo ao longo de toda a Comunidade Autónoma, que facilite a implantación e crecemento das empresas, e contribúa á creación de emprego, especialmente no sector empresarial.

Ao igual que no resto de comarcas de Galicia, no caso da do Barbanza, a Xunta de Galicia considera importante desenvolver actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo empresarial.

En relación ás medidas desenvolvidas pola Xunta de Galicia, a planificación do solo empresarial realízase a través do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOAE). Este instrumento planifica e localiza a superficie de solo empresarial de carácter supramunicipal, e define os ámbitos do territorio susceptibles de acoller actuacións deste tipo para cubrir as necesidades a longo prazo. O desenvolvemento do solo empresarial nas áreas empresariais de interese autonómico vén regulado principalmente na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia. Polo tanto, o desenvolvemento do solo empresarial depende das tramitacións dos procedementos administrativos previstos na normativa, así como da dispoñibilidade de recursos orzamentarios e da priorización derivada das necesidades reais de solo empresarial nas distintas zonas da Comunidade Autónoma.

Ademais, a Xunta de Galicia ten impulsado tamén a creación doutras figuras que facilitan a implantación de actividades industriais no territorio de Galicia, como os proxectos industriais estratéxicos, definidos como iniciativas empresariais que se estime que teñen tal carácter pola súa función no desenvolvemento, implantación ou execución da política industrial autonómica e a súa incidencia económica ou social e que cumpran unha serie de requisitos establecidos no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Nesta liña, na Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas inclúese a modificación do Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en política industrial, engadindo a posibilidade de tramitación conxunta de proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial e proxectos industriais estratéxicos. Poñendo de este xeito a disposición dos empresarios unha posibilidade de desenvolver solo de xeito áxil con redución de prazos.

Igualmente na citada Lei 5/2024, inclúense, entre as medidas temporais e excepcionais dirixidas á creación de solo empresarial, os proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial en municipios rurais cunha tramitación simplificada, na cal posibilitase a redución dos prazos xerais para actuacións de solo empresarial en municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes para crear unha área empresarial de ata 5 ha.

O parque empresarial de A Barbanza conta cun proxecto sectorial aprobado con data 12 de maio de 2011, promovido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (en diante, IGVS). Este parque foi incluído no Plan Sectorial de Ordenación de áreas empresariais de Galicia aprobado definitivamente o 30 de abril de 2014 (código 15067011). Agora ben, o desenvolvemento de calquera dos instrumentos anteriores require a tramitación de procedementos administrativos que garantan que non existan afeccións aos valores ambientais ou patrimoniais para os que non se poidan establecer suficientes medidas correctoras nunha parte do seu ámbito ou na súa totalidade. Por esta razón, ao longo da tramitación dos ditos procedementos, poden aparecer condicionantes que fagan variar o deseño do proxecto inicialmente previsto, ou mesmo limitar a súa viabilidade.

Téñense detectado distintas afeccións do ámbito, que condicionan o desenvolvemento desta actuación, entre as que se atopan afeccións ao patrimonio cultural, á zona de policía de leitos, a liñas eléctricas de alta e media tensión.

Cómpre salientar que a tramitación do parque empresarial de Ribeira foi levada a cabo polo Concello en desenvolvemento das previsións do seu Plan Xeral de Ordenación Municipal, coa tramitación de unha modificación puntual do mesmo. Este ámbito denominado parque empresarial de Ribeira non ten consideración de carácter supramunicipal nin se rexeu a súa tramitación pola Lei de áreas empresariais de Galicia.

A Xunta de Galicia ten concedida unha axuda de 478.567,06€ para a subministración eléctrica no dito desenvolvemento”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 11:23:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33384
Data envío: 07/09/2025 11:23:25.567

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19501**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Suárez Fernández, sobre **"a dotación do Hospital Comarcal de Monforte de Lemos canto a recursos humanos e materiais e a situación da sanidade pública na área que abrangue"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo Xerente do SERGAS en resposta á pregunta oral con número de rexistro 21267, formulada na Comisión 5ª do Parlamento de Galicia celebrado o día 10 de abril de 2025. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/uW2gx9ixAQUccmwUijDLFzSBEWUwjD8nw5GfS4jav6QKp21>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 10:53:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33362
Data envío: 07/09/2025 10:53:28.225

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19539**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"a calidade asistencial no hospital psiquiátrico La Robleda, as inspeccións realizadas neste centro pola Xunta de Galicia e as súas medidas para garantir os dereitos e a dignidade das persoas ingresadas"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade en resposta á pregunta oral con número de rexistro 19537, formulada na Comisión 5ª do Parlamento de Galicia celebrada o día 20 de febreiro de 2025. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/4mQUcVP5LwY1n6pbjcFg43CbiYorfkpDpCRPnTXz0ruXr0z5>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33613
Data envío: 09/09/2025 14:14:21.239

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 14:14:20

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19854**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"a perda de nutricionistas do Sergas na provincia de Lugo producida ao remataren moitos destes profesionais os seus contratos"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A creación da categoría de nutricionista de atención primaria en Galicia en decembro de 2022 supuxo unha mellora na abordaxe de enfermidades crónicas como a diabetes ou a hipertensión, reforzando a atención dende os propios centros de saúde a través dun programa piloto.

A Xunta de Galicia foi pioneira na incorporación destes profesionais á atención primaria e tras o programa piloto consolidou a súa aposta coa creación de 45 prazas estables. O número de prazas creadas baseouse na demanda durante o programa piloto e nas recomendacións de rateos establecidas por colexios e asociacións profesionais.

A Asociación Española de Dietistas-Nutricionistas (AEDN) recomenda que haxa 1 nutricionista por cada 50.000 habitantes. Con 45 nutricionistas o Servizo Galego de Saúde cumpre con este criterio referente á poboación diana".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 10:53:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33359
Data envío: 07/09/2025 10:53:10.895

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19885**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia no que concirne ao incremento do seu persoal de inspección para supervisar a atención sanitaria e sociosanitaria prestada en centros públicos e concertados"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade en resposta á pregunta oral con número de rexistro 19537, formulada na Comisión 5ª do Parlamento de Galicia celebrada o día 20 de febreiro de 2025. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/4mQUcVP5LwY1n6pbjcFg43CbiYorfkpDpCRpNTXz0ruXr0z5>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 14:10:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33610
Data envío: 09/09/2025 14:10:36.690

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19891**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as actuacións previstas pola Xunta de Galicia ante o informe do Defensor del Pueblo relativo á atención sanitaria do centro psiquiátrico La Robleda, do concello do Pino"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade en resposta á pregunta oral con número de rexistro 19537, formulada na Comisión 5ª do Parlamento de Galicia celebrada o día 20 de febreiro de 2025. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/4mQUcVP5LwY1n6pbjcFg43CbiYorfkpDpCRpNTXz0ruXr0z5>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33607
Data envío: 09/09/2025 14:10:17,399

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 14:10:17

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20007**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña, sobre **"a situación da atención primaria no concello das Pontes e as previsións da Xunta de Galicia canto á mellora da dotación profesional, dos seus servizos médicos e dos medios materiais"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia segue reforzando a atención sanitaria no concello das Pontes.

En radioloxía, a decisión de instalar novos equipos en Ortigueira e Pontedeume responde á súa localización xeográfica estratéxica. En todo caso, a cidadanía das Pontes pode realizar probas en Narón, Fontenla Maristany, Ortigueira ou Pontedeume, con demoras programadas de só 1-2 semanas e cobertura garantida para urxencias.

En pediatría, a poboación infantil actual é de 1.018 nenos, cifra que cumpre a ratio recomendada dun pediatra por cada 1.000. Cunha soa praza cúmprese coa ratio recomendada pero ademais creouse unha segunda praza en 2020 que se mantén ofertada, aínda que non hai dispoñibilidade de profesionais para ocupala. A demora media para consulta sitúase en 2,19 días.

En medicina de familia, o centro de saúde das Pontes dispón de 8 prazas cubertas, cun cupo medio de 1.100 pacientes, moi por debaixo das cifras recomendadas polas sociedades científicas. No PAC, as 4 prazas de facultativos están cubertas de forma estable, cunha media de 18 asistencia por garda, tamén por baixo do límite recomendado.

En canto á atención domiciliaria, o PAC conta cun servizo de taxi contratado e outros cinco vehículos dispoñibles para desprazamentos, co fin de garantir a cobertura.

A Xunta de Galicia reitera o seu compromiso coa mellora continua da atención primaria, actuando sempre con planificación, responsabilidade e criterios obxectivos, sabendo que o déficit de profesionais en determinadas especialidades, como o caso da Pediatría, é responsabilidade directa do Goberno de España".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 14:06:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33604
Data envío: 09/09/2025 14:06:26.715

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20025**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto da vinculación existente entre o servizo de aparcadoiro dun hospital público e unha asistencia sanitaria de calidade"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo Conselleiro de Sanidade en resposta á pregunta oral con número de rexistro 20024, formulada no Pleno do Parlamento de Galicia celebrado o día 7 de maio de 2025. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/SeT0GVk9cQPt2jSoLzDMpLRI7tpsCTgTpBrEYx1pvat2RjRa>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33602
Data envío: 09/09/2025 14:06:13.310

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 14:06:12

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20035**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana, don Carlos López Font e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante as necesidades da atención sanitaria primaria de Vigo en canto á dotación de prazas de nutricionistas e á súa cobertura"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A creación da categoría de nutricionista de atención primaria en Galicia en decembro de 2022 supuxo unha mellora na abordaxe de enfermidades crónicas como a diabetes ou a hipertensión, reforzando a atención dende os propios centros de saúde a través dun programa piloto.

A Xunta de Galicia foi pioneira na incorporación destes profesionais á atención primaria e tras o programa piloto consolidou a súa aposta coa creación de 45 prazas estables. O número de prazas creadas baseouse na demanda durante o programa piloto e nas recomendacións de rateos establecidas por colexios e asociacións profesionais.

A Asociación Española de Dietistas-Nutricionistas (AEDN) recomenda que haxa 1 nutricionista por cada 50.000 habitantes. Con 45 nutricionistas o Servizo Galego de Saúde cumpre con este criterio referente á poboación diana".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 10:52:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33355
Data envío: 07/09/2025 10:52:43,679

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20161**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"o prazo previsto polo Goberno galego para a posta en marcha da Unidade de Oncoloxía Pediátrica de Galicia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Unidade de Oncoloxía Pediátrica de Galicia está plenamente operativa desde a súa creación en 2017, baixo un modelo de traballo en rede entre os tres hospitais de referencia: CHUAC, CHUS e CHUVI.

Esta rede conta con tres especialistas dedicados en exclusividade á oncohematoloxía pediátrica en cada centro e reúnese semanalmente para avaliar casos novos, recidivas e situacións de especial complexidade, acadando consensos diagnósticos e terapéuticos.

Este modelo adiántase ao acordo estatal de 2018 para a concentración asistencial e o tratamento coordinado do cancro infantil, que aposta precisamente pola organización en unidades especializadas.

A Xunta segue escoitando aos profesionais implicados, que valoran positivamente o funcionamento da unidade en rede e coinciden en que se trata dun modelo eficaz, cunha atención de calidade para nenos e adolescentes con cancro.

A Xunta reitera o compromiso co reforzo da oncoloxía pediátrica e cunha sanidade pública de excelencia en Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33599
Data envío: 09/09/2025 14:04:08,566

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 14:04:08

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20601**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a modificación das condicións iniciais do convenio asinado entre a Xunta de Galicia e o Concello de Noia para a construción do novo centro de saúde desa vila"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está a avanzar con firmeza na construción dun novo centro de saúde en Noia, un proxecto estratéxico para mellorar a atención sanitaria da vila e da súa comarca.

O convenio asinado entre o SERGAS e o Concello establece a cesión dunha parcela que permite unha edificabilidade suficiente para construír un centro funcional, accesible e moderno. A parcela cedida posibilita ata 7.000 m² de superficie construtiva, cumprindo sobradamente co plan funcional previsto.

A construción en varias plantas non supón ningún impedimento funcional. Existen exemplos recentes de centros de saúde construídos con esta estrutura, como o de Moaña, Narón ou os Centros Integrais de Saúde de Lugo e de Lalín.

Desde novembro de 2024 está en marcha o proceso para redactar o proxecto construtivo, xa adxudicado en marzo de 2025. O novo centro de saúde de Noia vai ser unha realidade, con máis servizos, máis consultas e máis capacidade asistencial".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33596
Data envío: 09/09/2025 14:03:49.183

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 14:03:48

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20765**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a postura do Goberno galego ante as necesidades das diferentes áreas sanitarias de Galicia verbo da dotación e cobertura de prazas de nutricionistas"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A creación da categoría de nutricionista de atención primaria en Galicia en decembro de 2022 supuxo unha mellora na abordaxe de enfermidades crónicas como a diabetes ou a hipertensión, reforzando a atención dende os propios centros de saúde a través dun programa piloto.

A Xunta de Galicia foi pioneira na incorporación destes profesionais á atención primaria e tras o programa piloto consolidou a súa aposta coa creación de 45 prazas estables. O número de prazas creadas baseouse na demanda durante o programa piloto e nas recomendacións de rateos establecidas por colexios e asociacións profesionais.

A Asociación Española de Dietistas-Nutricionistas (AEDN) recomenda que haxa 1 nutricionista por cada 50.000 habitantes. Con 45 nutricionistas o Servizo Galego de Saúde cumpre con este criterio referente á poboación diana".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 10:50:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33353
Data envío: 07/09/2025 10:50:12.373

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 21021**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández, sobre **"a situación do Hospital Público de Verín no que concirne ao número de prazas vacantes en varias especialidades médicas e as previsións da Xunta de Galicia ante a carencia de especialistas neste hospital"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"No Hospital comarcal de Verín hai 56 facultativos especialistas. Na actualidade existen dúas vacantes. As prazas de CardioloXía, DermatoloXía e NeuroloXía atópanse cubertas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33349
Data envío: 07/09/2025 10:49:47,826

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 10:49:47

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 21188**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e dona Iria Carreira Pazos, sobre **"o grao de implicación do Goberno galego no desenvolvemento da lexislación que garante o dereito a unha morte digna e o funcionamento do Rexistro Galego de Instrucións Previas (Regaip)"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade en resposta á pregunta oral con número de rexistro 21190, formulada na Comisión 5ª do Parlamento de Galicia celebrado o día 27 de marzo de 2025. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/4w3tEozC508SRPRhCg00vvd6X1PGxqXqPW5nqqoegZTHi81b>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 10:49:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33348
Data envío: 07/09/2025 10:49:40,987

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 21223**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Ariadna Fernández González, sobre **"a situación xerada tras a aprobación da nova normativa que regula os medicamentos veterinarios, así como a postura e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia coñece, recoñece e valora o traballo que realiza o colectivo veterinario e, desde o primeiro momento, mantén un contacto permanente cos Colexios Veterinarios de Galicia, compartindo a preocupación polas consecuencias derivadas da aplicación do Real Decreto 666/2023.

Precisamente por iso, solicitouse ao Goberno do Estado unha revisión da norma e demandouse diálogo para a súa aplicación, unha reforma que afecta de forma directa ao exercicio da profesión e que debe facerse co consenso dos axentes implicados.

Ao tempo, Galicia foi pioneira en regular a dispensación de medicamentos de uso humano no ámbito veterinario, garantindo a seguranza xurídica das prescricións excepcionais por baleiro terapéutico, especialmente en casos oncolóxicos. Esta normativa foi consensuada coas entidades colexiais e tivo en conta as alegacións presentadas.

A Xunta de Galicia segue traballando para trasladar ao Goberno de España a necesidade de modificar aspectos excesivamente restritivos do Real Decreto 666/2023 e para buscar vías de colaboración que faciliten o exercicio profesional dos veterinarios, sempre cun obxectivo compartido: combater as resistencias antimicrobianas sen comprometer a atención sanitaria animal".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 10:49:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33344
Data envío: 07/09/2025 10:49:08,893

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 21265**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Suárez Fernández e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"a prestación do servizo de hospitalización a domicilio no Hospital Comarcal de Monforte de Lemos e os problemas que sofre este centro hospitalario en canto á dotación de profesionais"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo Xerente do SERGAS en resposta á pregunta oral con número de rexistro 21267, formulada na Comisión 5ª do Parlamento de Galicia celebrado o día 10 de abril de 2025. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/uW2gx9ixAQUccmwUijDLFzSBEWUwjD8nw5GfS4jav6QKp21>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33343
Data envío: 07/09/2025 10:40:43,579

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 10:40:43

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 21432**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Oscar Insua Lema, sobre **"a eliminación do servizo de pediatría no Centro de Saúde de Carnota e a acumulación en Muros da atención sanitaria para ambos os dous concellos no que atinxe a esta especialidade"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia mantén o seu compromiso coa atención pediátrica no conxunto do territorio, a pesar do contexto de escaseza xeneralizada de profesionais en todo o Estado.

No caso de Carnota, o pediatra titular ten o seu centro de cabeceira en Muros e, debido a unha incapacidade temporal doutro facultativo, viuse obrigado a centralizar alí a actividade asistencial. Esta organización busca garantir a continuidade da atención en ambas as localidades, dentro das limitacións de profesionais actuais no sistema.

Cómpre lembrar que os médicos de familia están plenamente capacitados para atender a nenos e nenas, como parte do seu ciclo formativo. Ademais, o 95 % dos menores galegos reciben atención pediátrica no seu propio concello.

A Xunta leva anos aplicando medidas pioneiras para paliar o déficit de profesionais, como a Lei de postos de difícil cobertura ou a oferta do 100 % das prazas formativas dispoñibles. A cobertura da praza de pediatría e do persoal de enfermaría pediátrica en Carnota realizarase tan pronto como haxa profesionais dispoñibles para seren contratados.

O Goberno galego mantén a súa aposta por unha sanidade pública de calidade, tamén no rural, e traballa con responsabilidade e anticipación para garantir a mellor atención posible a toda a poboación, sabendo que o déficit de profesionais en determinadas especialidades, como o caso da Pediatría, é responsabilidade directa do Goberno de España".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33339
Data envío: 07/09/2025 10:40:08,411

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 10:39:57

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 21469**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Julio Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"a situación do saneamento na zona portuaria de Lorbé, no concello de Oleiros, e as previsións da Xunta de Galicia respecto da súa eventual intervención nun proxecto de obras para evitar as verteduras sen garantías sanitarias"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O saneamento é unha competencia que corresponde á Administración local. É o concello o responsable deste servizo básico, o dí a normativa en vigor ao respecto. Márcao a lei, se regula principalmente na Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local (LRBRL). Artículo 25.

No caso do porto de Lorbé a prestación do servizo de saneamento está garantida a través dun sistema de saneamento por gravidade que funciona e resulta efectiva para dar resposta ás necesidades portuarias.

Non constan en Portos de Galicia nin Augas de Galicia vertidos de augas fecais no porto de Lorbé debido a problemas no sistema de saneamento destas instalacións. Non consta ningunha denuncia nin do Seprona, nin da Guardia Civil nin outras entidades competentes neste sentido. Tampoco constan vertidos na depuradora de moluscos.

Dada por tanto unha situación na que a falta de rede de saneamento non afecta ao normal funcionamento das instalacións portuarias senón que se trata dunha necesidade municipal e dado que como dixemos o saneamento municipal é competencia do Concello, a Xunta de Galicia amosa a súa vontade de colaboración institucional co Concello de Oleiros para que este poida poñer en funcionamento dita rede.

A vontade de colaboración da Xunta co Concello de Oleiros nesta materia está avalada polas actuacións xa desenvolvidas por Augas de Galicia neste sentido, que ascenden a máis de 7 millóns de euros".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 11:25:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:25:32
Nº Rexistro: 33304
Data envío: 05/09/2025 11:25:32.488

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 21474**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Julio Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"os prazos previstos pola Xunta de Galicia para cumprir cos seus compromisos de ampliación do porto de Lorbé, no concello de Oleiros"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Portos de Galicia está a traballar no proxecto de ampliación do Porto de Lorbé. Para este proxecto, Portos de Galicia realizou estudos ambientais e en base a eles desenvolveu un proxecto básico da actuación.

Con motivo destes estudos previos para a ampliación do porto comentouse por parte dos usuarios –na actualidade son 5 as embarcacións que operan habitualmente no peirao pesqueiro- a necesidade de ampliar o calado nos peiraos dada, fundamentalmente, a acumulación de restos de mexillón que reduce a cota na zona dos peiraos.

Esta necesidade foi recollida por Portos de Galicia que, durante o avance do proxecto de mellora de abrigo, decidiu separar as dúas actuacións: dotación de abrigo e recuperación de calado a efectos da súa posible tramitación porque probablemente conleven prazos moi diferentes.

Para avanzar na resposta á cuestión prioritaria de dotación de calado, en maio de 2024 fíxose unha inspección cun robot de inspección submariña dos peiraos corroborando así que o sedimento é cuncha de mexillón, o que determina as características do proxecto para a súa retirada e recuperación de calado.

Polo tanto Portos de Galicia ten contemplado xa na súa planificación de actuacións a medio prazo esta dragaxe, dentro da prioridade que lle corresponde no marco das necesidades dos 122 instalacións portuarias que xestiona.

O ente público ten previsto dar continuidade aos estudos xa iniciados para prantexar unha solución técnica e economicamente viable.

Esta actuación, xunto con outras 20 dragaxes de zonas portuarias, son nas que se está a traballar Portos de Galicia. Para isto, Portos de Galicia prevé a contratación este mesmo ano dun novo lote de estudos de dragaxe co horizonte 2026-2030, que dea continuidade ao que está en vigor a día de hoxe por importe de 1,3 millóns de euros, de xeito que se poida abordar a continuación na tramitación do correspondente estudo de impacto ambiental".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 11:25:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:25:16
Nº Rexistro: 33302
Data envío: 05/09/2025 11:25:16.784

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 21509**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Ariadna Fernández González, sobre **"a situación da atención pediátrica no Centro de Saúde de Silleda"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia garante a asistencia pediátrica no concello de Silleda a través dunha praza estable de pediatría no centro de saúde, que atende a un total de 896 nenos e nenas. O cupo sitúase por debaixo do máximo recomendado polas sociedades científicas, polo que non se produce sobrecarga asistencial.

Cando a pediatra está ausente, os menores de 3 anos son derivados ao centro de saúde de Vila de Cruces e os maiores son atendidos polo persoal de medicina de familia, especialistas cualificados para prestar atención sanitaria integral en todas as etapas da vida, incluída a infancia e adolescencia.

As ausencias producíronse de forma puntual e con cobertura garantida, polo que non se xustifica falar dunha falla estrutural do servizo. Ademais, na actualidade non existe demora para pediatría en Silleda, xa que as citas se conceden de maneira inmediata.

A Xunta de Galicia reitera o seu compromiso coa atención pediátrica no rural e coa mellora continua dos recursos sanitarios".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:24:59
Nº Rexistro: 33299
Data envío: 05/09/2025 11:24:59.477

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 11:24:59

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 21568**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"as contías dedicadas polo Goberno galego ás obras realizadas no espazo exterior que rodea o Centro de Saúde da Ponte, en Ourense, e a súa eventual modificación por alternativas máis sustentables ambientalmente"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"As obras realizadas na contorna do Centro de Saúde de A Ponte son un proxecto con varias fases onde se intervén nos accesos, automatización, aparcadoiro e xardíns. O proxecto fíxose respetando en todo momento a normativa vixente".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:24:45
Nº Rexistro: 33297
Data envío: 05/09/2025 11:24:45,845

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 11:24:45

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 21587**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as condicións da atención pediátrica no Centro de Saúde de Carnota"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia mantén o seu compromiso coa atención pediátrica no conxunto do territorio, a pesar do contexto de escaseza xeneralizada de profesionais en todo o Estado.

No caso de Carnota, o pediatra titular ten o seu centro de cabeceira en Muros e, debido a unha incapacidade temporal doutro facultativo, viuse obrigado a centralizar alí a actividade asistencial. Esta organización busca garantir a continuidade da atención en ambas as localidades, dentro das limitacións de profesionais actuais no sistema.

Cómpre lembrar que os médicos de familia están plenamente capacitados para atender a nenos e nenas, como parte do seu ciclo formativo. Ademais, o 95 % dos menores galegos reciben atención pediátrica no seu propio concello.

A Xunta leva anos aplicando medidas pioneiras para paliar o déficit de profesionais, como a Lei de postos de difícil cobertura ou a oferta do 100 % das prazas formativas dispoñibles. A cobertura da praza de pediatría e do persoal de enfermaría pediátrica en Carnota realizárase tan pronto como haxa profesionais dispoñibles para seren contratados.

O Goberno galego mantén a súa aposta por unha sanidade pública de calidade, tamén no rural, e traballa con responsabilidade e anticipación para garantir a mellor atención posible a toda a poboación, sabendo que o déficit de profesionais en determinadas especialidades, como o caso da Pediatría, é responsabilidade directa do Goberno de España".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 11:19:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:19:02
Nº Rexistro: 33294
Data envío: 05/09/2025 11:19:02.822

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24347**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"a valoración e accións a tomar polo Goberno galego ante o impacto na frota galega da prohibición, pola Comisión Europea, da pesca de artes de fondo en 87 zonas do Atlántico Nororiental"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O pasado mes de xuño o Tribunal Xeral da Unión Europea desestimaba os recursos interpostos polo Goberno central e pola Organización de Produtores Pesqueiros (OPP) de Burela e 16 compañías armadoras propietarias de 21 buques afectados, no que participou a Xunta como coadxuvante, contra o veto á pesca de fondo en 87 zonas do Atlántico Nororiental. Dita medida foi motivada pola Comisión pola existencia Ecosistemas Mariños Vulnerables (EMV) ou a posibilidade de que existan nas mencionadas áreas recollidas no anexo II do Regulamento de Execución (UE) 2022/1614. Esta decisión afectou a máis do 25% da nosa frota, 200 embarcacións de xeito directo e 946 de artes menores de forma indirecta.

A finais de xullo, o Goberno galego manifestou a súa satisfacción polo anuncio de recurso do Goberno central contra a sentenza do Tribunal Xeral da Unión Europea que avalou o veto da Comisión europea ao palangre demersal en 87 zonas do Atlántico Nororiental. Este paso abre a porta á participación de Galicia no procedemento, algo no que xa están traballando os servizos xurídicos da Xunta, co obxectivo de aportar información de carácter técnico que permita reforzar as posibilidades de éxito de dito recurso.

Dende a Consellería do Mar manifestaron a súa satisfacción por este anuncio que valoraron moi positivamente dado que permite seguir defendendo os intereses na nosa frota como vimos facendo ata agora. Nesta liña, dende a Administración autonómica mantívose un contacto constante co sector para analizar e coordinar as accións a tomar no ámbito xurídico e político. A titular de Mar manifestou que aínda que o Goberno galego respecta a decisión deste tribunal "non compartimos esta sentenza" dado que esta modalidade de pesca é unha das máis selectivas e sostibles cunha afectación limitada nos Ecosistemas Mariños Vulnerables (EMV).

A Xunta destacou que son os Estados membros os que gozan de condición de demandantes privilexiados nos recursos contra sentenzas do Tribunal Xeral ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea. O tratarse de un recurso de casación este recurso debe circunscribirse a motivos de dereito. Unha vía que mantén vivo o proceso xudicial mentres se traballa no ámbito técnico e político para reverter unha decisión que compromete a sostibilidade e futuro da actividade pesqueira na comunidade".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:01:38
Nº Rexistro: 33290
Data envío: 05/09/2025 11:01:38,310

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 11:01:38

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25947**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre **"a estratexia que desenvolve o Goberno galego no seu apoio á industria da automoción e o grao de eficacia das actuais liñas de axudas destinadas a este sector"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O sector da automoción galego conta cunha das cadeas de valor máis completas de Europa. Esta cadea de valor está aglutinada no Clúster de Automoción e Mobilidade de Galicia (Ceaga), que é o axente especificamente dirixido a este sector e que conforma un completo ecosistema colaborativo de innovación con máis de 200 compañías, ás que se suman as máis de 80 startups creadas no seo da aceleradora Business Factory Auto & Mobility.

Non obstante, todo o sector da automoción europeo está a vivir un momento complexo, orixinado por diversas cuestións. Entre elas, destaca a ambiciosa transición da Unión Europea cara a unha economía sustentable e climaticamente neutra, que ten implicacións cada vez máis profundas para as rexións, as persoas traballadoras, as industrias e a sociedade europea en xeral.

Esta transición require unha transformación socioeconómica, especialmente nas rexións que dependen dos combustibles fósiles e das industrias de gran consumo de enerxía, xa que pon en perigo a base económica tradicional das devanditas rexións. Desde 2019, a Unión Europea desenvolveu un amplo marco de políticas e iniciativas destinadas a facilitar a dobre transición ecolóxica e dixital.

O "Ditame do Comité Europeo das Rexións-Unha transición xusta e sustentable das rexións con industria de automoción" fai énfase en múltiples implicacións da transición e, entre elas, lembra a necesidade de reducir drasticamente as emisións de gases de efecto invernadoiro. É necesario actuar con decisión, especialmente no transporte por estrada, cuxa elevada proporción de emisións non se reduciu ata a data de forma sustentable. En prol da sustentabilidade, tomouse a decisión de prohibir a matriculación de vehículos convencionais de gasolina e diésel en toda a UE a partir de 2035. Respecto da apertura tecnolóxica, convén seguir permitindo tras esa data a homologación dos motores que funcionen con electrocombustibles climaticamente neutros. Subliña, ademais, a necesidade de aumentar a sustentabilidade do sistema de mobilidade para alcanzar os obxectivos climáticos e que esta dobre transformación terá un profundo impacto nos ecosistemas automobilísticos rexionais. Por tanto, unha estratexia europea de transformación integral é fundamental para a UE, xa que a industria automobilística está moi integrada a través das fronteiras nacionais e a mobilidade de persoas e mercadorías é un factor importante nun sistema económico moderno.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Europa debe adoptar as novas tecnoloxías e converterse en líder tecnolóxico se desexa seguir sendo competitiva a escala mundial. Esta estratexia debe centrarse en como investigar e desenvolver novas tecnoloxías, á vez que se apoia ás rexións con industria de automoción máis afectadas e vulnerables na súa transición mediante a reciclaxe profesional e o desenvolvemento de capacidades. Sinala que a transformación da mobilidade automobilística tamén repercutirá no sector dos servizos (talleres, gasolineras, tendas de pezas de recambio etc.), o que debe mitigarse desde o punto de vista social.

A transición das rexións con industria de automoción require a transición de todo un sistema de servizos en torno ao automóbil e o seu mantemento, centrado na reciclaxe e a mellora das capacidades da man de obra (rexional) e no marco a escala da UE para as capacidades e o emprego. Subliña a importancia da electrificación da industria automobilística e sinala que é preciso centrarse nas súas cadeas de valor, a eficiencia das baterías e a fabricación de equipamentos utilizados nesta industria. A produción está cada vez máis orientada aos procesos e é por conta do propio fabricante. É necesario transformar as industrias tradicionais para convertelas en provedoras das novas tecnoloxías e sectores, e, en consecuencia, o reaxuste das competencias é un factor importante para afrontar os retos do futuro.

Nesta conxuntura, a industria da automoción europea enfróntase a un gran desafío para manter a súa competitividade a futuro e isto vén impactando na estabilidade das industrias nas rexións con industria de automoción, particularmente en Galicia. Esta situación debe abordarse, sen dúbida, con proxectos a longo prazo e coa intervención directa das institucións e fondos comunitarios, iso sen prexuízo de que as rexións traten de paliar no posible os impactos aos que se ve sometido o sector de modo máis inmediato.

Por iso, a Xunta de Galicia, consciente destas circunstancias, decidiu abordar unha primeira medida extraordinaria, dirixida a reducir parcialmente os custos de investimento recentes realizados polas empresas galegas do sector de automoción neste mesmo exercicio 2024 cunha axuda inmediata e dotada con 18 millóns de euros, como primeiro escudo de apoio ao sector na súa transición á mobilidade sustentable, particularmente á electromobilidade, cunha convocatoria publicada no Diario Oficial de Galicia do 2 de xullo de 2024.

En relación con esta convocatoria, na pregunta indícase que “quedaron solicitudes sen apoio”, o cal non é certo, xa que todas as solicitudes que cumprían os requisitos da convocatoria foron beneficiarias dunha axuda.

En relación á cuestión relativa á razón da interposición dun recurso administrativo contra as bases reguladoras das axudas a proxectos que impulsen e reforcen a transición á cadea de valor do vehículo eléctrico e á descarbonización do sector de automoción de Galicia, por lóxica, debería facerse á entidade que o interpuxo e non á Xunta de Galicia, que entende que este recurso carece de fundamento xurídico.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Por outra parte, cómpre salientar que o Goberno galego está a manter un diálogo permanente e construtivo con todo o sector da automoción e, froito del, estanse a levar acabo numerosas accións de cooperación. Entre elas, destaca a colaboración levada a cabo coas entidades representativas deste sector para a elaboración do Plan director da automoción para o período 2025-2027, aprobado o 17 de marzo do 2025, que busca promover a transformación tecnolóxica e dixital, mellorar a capacitación dos profesionais e fomentar a colaboración entre empresas, centros de investigación e administracións públicas, co fin de acompañar o sector no seu proceso de transición e fortalecer a súa competitividade futura. Desprégase en torno a dous obxectivos estratéxicos, cinco eixes e sete ámbitos de prioridades con 67 medidas que se desenvolverán ata o ano 2027 de apoio ao sector da automoción por parte das distintas consellerías da Xunta de Galicia.

Entre as medidas inclúese unha dirixida a reforzar o diálogo coa previsión de que, no marco do diálogo social, se constitúa unha Mesa de Economía e Industria e, no seo dela, a creación dun grupo de traballo para o sector da Automoción a fin de analizar as demandas e propoñer as medidas máis acaídas que favorezan o desenvolvemento deste sector. Prevese que na constitución deste grupo de traballo participen todas as organizacións integrantes da mesa do diálogo social.

En consecuencia, e a pesar do momento complexo que este sector está atravesando, a Xunta de Galicia está a acometer medidas ambiciosas para promover a actividade industrial e o emprego no sector do automóbil, e que permiten paliar a baixa execución dos fondos asignados aos PERTE industriais que o Estado decidiu, de forma unilateral, xestionar sen a necesaria participación das Comunidades Autónomas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 13:59:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 13:59:36
Nº Rexistro: 33591
Data envío: 09/09/2025 13:59:36.413

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26076**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"as previsións do Goberno galego no que concirne á dragaxe do porto de Lorbé, no concello de Oleiros"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Portos de Galicia está a traballar no proxecto de ampliación do Porto de Lorbé. Para este proxecto, Portos de Galicia realizou estudos ambientais e en base a eles desenvolveu un proxecto básico da actuación.

Con motivo destes estudos previos para a ampliación do porto comentouse por parte dos usuarios –na actualidade son 5 as embarcacións que operan habitualmente no peirao pesqueiro- a necesidade de ampliar o calado nos peiraos dada, fundamentalmente, a acumulación de restos de mexillón que reduce a cota na zona dos peiraos.

Esta necesidade foi recollida por Portos de Galicia que, durante o avance do proxecto de mellora de abrigo, decidiu separar as dúas actuacións: dotación de abrigo e recuperación de calado a efectos da súa posible tramitación porque probablemente conleven prazos moi diferentes.

Para avanzar na resposta á cuestión prioritaria de dotación de calado, en maio de 2024 fíxose unha inspección cun robot de inspección submariña dos peiraos corroborando así que o sedimento é cuncha de mexillón, o que determina as características do proxecto para a súa retirada e recuperación de calado.

Polo tanto Portos de Galicia ten contemplado xa na súa planificación de actuacións a medio prazo esta dragaxe, dentro da prioridade que lle corresponde no marco das necesidades dos 122 instalacións portuarias que xestiona.

O ente público ten previsto dar continuidade aos estudos xa iniciados para prantexar unha solución técnica e economicamente viable.

Esta actuación, xunto con outras 20 dragaxes de zonas portuarias, son nas que se está a traballar Portos de Galicia. Para isto, Portos de Galicia prevé a contratación este mesmo ano dun novo lote de estudos de dragaxe co horizonte 2026-2030, que dea continuidade ao que está en vigor a día de hoxe por importe de 1,3 millóns de euros, de xeito que se poida abordar a continuación na tramitación do correspondente estudo de impacto ambiental".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 11:01:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:01:17
Nº Rexistro: 33287
Data envío: 05/09/2025 11:01:17.042

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26881**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso, sobre **"as demandas da parte social dos centros de Navantia en Ferrol no que concirne ao impulso da actividade da industria naval nesta ría"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"Tal e como se vén demostrando de forma reiterada, a Xunta de Galicia apoia os investimentos que se poidan realizar no estaleiro Navantia Ferrol co obxectivo de garantir a súa actividade actual e futura e, polo tanto, o mantemento do emprego asociado á construción naval na comarca de Ferrolterra.

Esta rede conta con tres especialistas dedicados en exclusividade á oncohematoloxía pediátrica en cada centro e reúnese semanalmente para avaliar casos novos, recidivas e situacións de especial complexidade, acadando consensos diagnósticos e terapéuticos.

Este modelo adiantase ao acordo estatal de 2018 para a concentración asistencial e o tratamento coordinado do cancro infantil, que aposta precisamente pola organización en unidades especializadas.

A Xunta segue escoitando aos profesionais implicados, que valoran positivamente o funcionamento da unidade en rede e coinciden en que se trata dun modelo eficaz, cunha atención de calidade para nenos e adolescentes con cancro.

A Xunta reitera o compromiso co reforzo da oncoloxía pediátrica e cunha sanidade pública de excelencia en Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33600
Data envío: 09/09/2025 14:04:14.485

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 14:04:14

CSV: BOPGDSPG-hyobiBLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 20599**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a modificación das condicións iniciais do convenio asinado entre a Xunta de Galicia e o Concello de Noia para a construción do novo centro de saúde desa vila"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está a avanzar con firmeza na construción dun novo centro de saúde en Noia, un proxecto estratéxico para mellorar a atención sanitaria da vila e da súa comarca.

O convenio asinado entre o SERGAS e o Concello establece a cesión dunha parcela que permite unha edificabilidade suficiente para construír un centro funcional, accesible e moderno. A parcela cedida posibilita ata 7.000 m² de superficie construtiva, cumprindo sobradamente co plan funcional previsto.

A construción en varias plantas non supón ningún impedimento funcional. Existen exemplos recentes de centros de saúde construídos con esta estrutura, como o de Moaña, Narón ou os Centros Integrais de Saúde de Lugo e de Lalín.

Desde novembro de 2024 está en marcha o proceso para redactar o proxecto construtivo, xa adxudicado en marzo de 2025. O novo centro de saúde de Noia vai ser unha realidade, con máis servizos, máis consultas e máis capacidade asistencial".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 14:04:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33598
Data envío: 09/09/2025 14:04:02.399

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 20766**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a postura do Goberno galego ante as necesidades das diferentes áreas sanitarias de Galicia verbo da dotación e cobertura de prazas de nutricionistas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A creación da categoría de nutricionista de atención primaria en Galicia en decembro de 2022 supuxo unha mellora na abordaxe de enfermidades crónicas como a diabetes ou a hipertensión, reforzando a atención dende os propios centros de saúde a través dun programa piloto.

A Xunta de Galicia foi pioneira na incorporación destes profesionais á atención primaria e tras o programa piloto consolidou a súa aposta coa creación de 45 prazas estables. O número de prazas creadas baseouse na demanda durante o programa piloto e nas recomendacións de rateos establecidas por colexios e asociacións profesionais.

A Asociación Española de Dietistas-Nutricionistas (AEDN) recomenda que haxa 1 nutricionista por cada 50.000 habitantes. Con 45 nutricionistas o Servizo Galego de Saúde cumpre con este criterio referente á poboación diana".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 10:50:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33352
Data envío: 07/09/2025 10:50:06.716

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21020**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández, dona Iria Carreira Pazos e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"as carencias na dotación dos cadros médicos do Hospital Público de Verín"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"No Hospital comarcal de Verín hai 56 facultativos especialistas. Na actualidade existen dúas vacantes. As prazas de Cardioloxía, Dermatoloxía e Neuroloxía atópanse cubertas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33350
Data envío: 07/09/2025 10:49:53.816

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 10:49:53

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21222**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González, don Secundino Fernández Fenrández e dona Sonia Vidal Lamas, sobre **"a situación dos veterinarios e das veterinarias logo da aprobación da nova regulación do uso dos medicamentos para o tratamento de animais"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia coñece, recoñece e valora o traballo que realiza o colectivo veterinario e, desde o primeiro momento, mantén un contacto permanente cos Colexios Veterinarios de Galicia, compartindo a preocupación polas consecuencias derivadas da aplicación do Real Decreto 666/2023.

Precisamente por iso, solicitouse ao Goberno do Estado unha revisión da norma e demandouse diálogo para a súa aplicación, unha reforma que afecta de forma directa ao exercicio da profesión e que debe facerse co consenso dos axentes implicados.

Ao tempo, Galicia foi pioneira en regular a dispensación de medicamentos de uso humano no ámbito veterinario, garantindo a seguranza xurídica das prescricións excepcionais por baleiro terapéutico, especialmente en casos oncolóxicos. Esta normativa foi consensuada coas entidades colexiais e tivo en conta as alegacións presentadas.

A Xunta de Galicia segue traballando para trasladar ao Goberno de España a necesidade de modificar aspectos excesivamente restritivos do Real Decreto 666/2023 e para buscar vías de colaboración que faciliten o exercicio profesional dos veterinarios, sempre cun obxectivo compartido: combater as resistencias antimicrobianas sen comprometer a atención sanitaria animal".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 10:49:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33345
Data envío: 07/09/2025 10:49:16.117

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21268**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Suárez Fernández e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"os déficits do servizo de hospitalización a domicilio no Hospital Comarcal de Monforte de Lemos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo Xerente do SERGAS en resposta á pregunta oral con número de rexistro 21267, formulada na Comisión 5ª do Parlamento de Galicia celebrado o día 10 de abril de 2025. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/uW2gx9ixAQUccmwUijDLFzSBEWUwjD8nw5GfS4jav6QKp21>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33342
Data envío: 07/09/2025 10:40:37.827

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 10:40:37

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21431**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Oscar Insua Lema e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"a eliminación dos servizos sanitarios de pediatría no Centro de Saúde de Carnota"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia mantén o seu compromiso coa atención pediátrica no conxunto do territorio, a pesar do contexto de escaseza xeneralizada de profesionais en todo o Estado.

No caso de Carnota, o pediatra titular ten o seu centro de cabeceira en Muros e, debido a unha incapacidade temporal doutro facultativo, viuse obrigado a centralizar alí a actividade asistencial. Esta organización busca garantir a continuidade da atención en ambas as localidades, dentro das limitacións de profesionais actuais no sistema.

Cómpre lembrar que os médicos de familia están plenamente capacitados para atender a nenos e nenas, como parte do seu ciclo formativo. Ademais, o 95 % dos menores galegos reciben atención pediátrica no seu propio concello.

A Xunta leva anos aplicando medidas pioneiras para paliar o déficit de profesionais, como a Lei de postos de difícil cobertura ou a oferta do 100 % das prazas formativas dispoñibles. A cobertura da praza de pediatría e do persoal de enfermaría pediátrica en Carnota realizarase tan pronto como haxa profesionais dispoñibles para seren contratados.

O Goberno galego mantén a súa aposta por unha sanidade pública de calidade, tamén no rural, e traballa con responsabilidade e anticipación para garantir a mellor atención posible a toda a poboación, sabendo que o déficit de profesionais en determinadas especialidades, como o caso da Pediatría, é responsabilidade directa do Goberno de España".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 10:40:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33340
Data envío: 07/09/2025 10:40:24.596

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21468**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"a situación do saneamento na zona portuaria de Lorbé, no concello de Oleiros"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O saneamento é unha competencia que corresponde á Administración local. É o concello o responsable deste servizo básico, o dí a normativa en vigor ao respecto. Márcao a lei, se regula principalmente na Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local (LRBRL). Artículo 25.

No caso do porto de Lorbé a prestación do servizo de saneamento está garantida a través dun sistema de saneamento por gravidade que funciona e resulta efectiva para dar resposta ás necesidades portuarias.

Non constan en Portos de Galicia nin Augas de Galicia vertidos de augas fecais no porto de Lorbé debido a problemas no sistema de saneamento destas instalacións. Non consta ningunha denuncia nin do Seprona, nin da Guardia Civil nin outras entidades competentes neste sentido. Tampoco constan vertidos na depuradora de moluscos.

Dada por tanto unha situación na que a falta de rede de saneamento non afecta ao normal funcionamento das instalacións portuarias senón que se trata dunha necesidade municipal e dado que como dixemos o saneamento municipal é competencia do Concello, a Xunta de Galicia amosa a súa vontade de colaboración institucional co Concello de Oleiros para que este poida poñer en funcionamento dita rede.

A vontade de colaboración da Xunta co Concello de Oleiros nesta materia está avalada polas actuacións xa desenvolvidas por Augas de Galicia neste sentido, que ascenden a máis de 7 millóns de euros".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 11:25:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:25:38
Nº Rexistro: 33305
Data envío: 05/09/2025 11:25:38,450

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21508**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"as previsións que ten a Consellería de Sanidade no que atinxe ao reforzamento da atención pediátrica no Centro de Saúde de Silleda"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia garante a asistencia pediátrica no concello de Silleda a través dunha praza estable de pediatría no centro de saúde, que atende a un total de 896 nenos e nenas. O cupo sitúase por debaixo do máximo recomendado polas sociedades científicas, polo que non se produce sobrecarga asistencial.

Cando a pediatra está ausente, os menores de 3 anos son derivados ao centro de saúde de Vila de Cruces e os maiores son atendidos polo persoal de medicina de familia, especialistas cualificados para prestar atención sanitaria integral en todas as etapas da vida, incluída a infancia e adolescencia.

As ausencias producíronse de forma puntual e con cobertura garantida, polo que non se xustifica falar dunha falla estrutural do servizo. Ademais, na actualidade non existe demora para pediatría en Silleda, xa que as citas se conceden de maneira inmediata.

A Xunta de Galicia reitera o seu compromiso coa atención pediátrica no rural e coa mellora continua dos recursos sanitarios".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 11:25:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:25:05
Nº Rexistro: 33300
Data envío: 05/09/2025 11:25:05.518

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21567**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a eventual modificación das obras realizadas polo Goberno galego no espazo exterior do Centro de Saúde da Ponte, en Ourense, por alternativas máis sustentables ambientalmente"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"As obras realizadas na contorna do Centro de Saúde de A Ponte son un proxecto con varias fases onde se intervéñ nos accesos, automatización, aparcadoiro e xardíns. O proxecto fíxose respetando en todo momento a normativa vixente".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:24:53
Nº Rexistro: 33298
Data envío: 05/09/2025 11:24:53.170

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 11:24:52

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21586**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto das condicións da atención pediátrica no Centro de Saúde de Carnota"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia mantén o seu compromiso coa atención pediátrica no conxunto do territorio, a pesar do contexto de escaseza xeneralizada de profesionais en todo o Estado.

No caso de Carnota, o pediatra titular ten o seu centro de cabeceira en Muros e, debido a unha incapacidade temporal doutro facultativo, viuse obrigado a centralizar alí a actividade asistencial. Esta organización busca garantir a continuidade da atención en ambas as localidades, dentro das limitacións de profesionais actuais no sistema.

Cómpre lembrar que os médicos de familia están plenamente capacitados para atender a nenos e nenas, como parte do seu ciclo formativo. Ademais, o 95 % dos menores galegos reciben atención pediátrica no seu propio concello.

A Xunta leva anos aplicando medidas pioneiras para paliar o déficit de profesionais, como a Lei de postos de difícil cobertura ou a oferta do 100 % das prazas formativas dispoñibles. A cobertura da praza de pediatría e do persoal de enfermaría pediátrica en Carnota realizárase tan pronto como haxa profesionais dispoñibles para seren contratados.

O Goberno galego mantén a súa aposta por unha sanidade pública de calidade, tamén no rural, e traballa con responsabilidade e anticipación para garantir a mellor atención posible a toda a poboación, sabendo que o déficit de profesionais en determinadas especialidades, como o caso da Pediatría, é responsabilidade directa do Goberno de España".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 11:19:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:19:09
Nº Rexistro: 33295
Data envío: 05/09/2025 11:19:09.215

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21594**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"os prazos previstos pola Xunta de Galicia para cumprir cos seus compromisos de ampliación do porto de Lorbé, no concello de Oleiros"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Portos de Galicia está a traballar no proxecto de ampliación do Porto de Lorbé. Para este proxecto, Portos de Galicia realizou estudos ambientais e en base a eles desenvolveu un proxecto básico da actuación.

Con motivo destes estudos previos para a ampliación do porto comentouse por parte dos usuarios –na actualidade son 5 as embarcacións que operan habitualmente no peirao pesqueiro– a necesidade de ampliar o calado nos peiraos dada, fundamentalmente, a acumulación de restos de mexillón que reduce a cota na zona dos peiraos.

Esta necesidade foi recollida por Portos de Galicia que, durante o avance do proxecto de mellora de abrigo, decidiu separar as dúas actuacións: dotación de abrigo e recuperación de calado a efectos da súa posible tramitación porque probablemente conleven prazos moi diferentes.

Para avanzar na resposta á cuestión prioritaria de dotación de calado, en maio de 2024 fíxose unha inspección cun robot de inspección submariña dos peiraos corroborando así que o sedimento é cuncha de mexillón, o que determina as características do proxecto para a súa retirada e recuperación de calado.

Polo tanto Portos de Galicia ten contemplado xa na súa planificación de actuacións a medio prazo esta dragaxe, dentro da prioridade que lle corresponde no marco das necesidades dos 122 instalacións portuarias que xestiona.

O ente público ten previsto dar continuidade aos estudos xa iniciados para prantexar unha solución técnica e economicamente viable.

Esta actuación, xunto con outras 20 dragaxes de zonas portuarias, son nas que se está a traballar Portos de Galicia. Para isto, Portos de Galicia prevé a contratación este mesmo ano dun novo lote de estudos de dragaxe co horizonte 2026-2030, que dea continuidade ao que está en vigor a día de hoxe por importe de 1,3 millóns de euros, de xeito que se poida abordar a continuación na tramitación do correspondente estudo de impacto ambiental".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 11:18:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:18:57
Nº Rexistro: 33293
Data envío: 05/09/2025 11:18:57.025

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 25224**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana e dona Lara Méndez López, sobre **"a postura do Goberno galego ante unha eventual rebaixa na Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos dos días da vía rápida da atención á conduta suicida que figuran no último acordo de xestión do Sergas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Os obxectivos que se marca o Servizo Galego de Saúde anualmente establécense con indicadores consensuados entre os equipos directivos centrais e das áreas sanitarias.

Os Acordos de Xestión que o Servizo Galego de Saúde asina anualmente coas áreas sanitarias constitúen o instrumento fundamental para materializar o compromiso da Xunta coa sustentabilidade do sistema e co paciente como eixo central de todas as actuacións. Este ano estes acordos enmárcanse nun contexto de transformación do modelo sanitario galego, onde se pon especial énfase en cinco grandes eixes: resultados en saúde, atención á saúde mental, promoción e prevención da saúde, reforzo da atención primaria e innovación e tecnoloxía.

Estas liñas guían a toma de decisións clínicas e organizativas, ademais da asignación de recursos e o deseño de políticas públicas cun enfoque integral de saúde.

Os acordos de xestión do Servizo Galego de Saúde coas áreas sanitarias correspondentes ao ano 2025 están publicados no portal de transparencia da e goberno aberto da Xunta".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:01:32
Nº Rexistro: 33289
Data envío: 05/09/2025 11:01:32.356

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 11:01:32

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 25946**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas e don Ramón Fernández Alfonzo, sobre **"o grao de eficacia das actuais liñas de axudas da Xunta de Galicia para o sector da automoción"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O sector da automoción galego conta cunha das cadeas de valor máis completas de Europa. Esta cadea de valor está aglutinada no Clúster de Automoción e Mobilidade de Galicia (Ceaga), que é o axente especificamente dirixido a este sector e que conforma un completo ecosistema colaborativo de innovación con máis de 200 compañías, ás que se suman as máis de 80 startups creadas no seo da aceleradora Business Factory Auto & Mobility.

Non obstante, todo o sector da automoción europeo está a vivir un momento complexo, orixinado por diversas cuestións. Entre elas, destaca a ambiciosa transición da Unión Europea cara a unha economía sustentable e climaticamente neutra, que ten implicacións cada vez máis profundas para as rexións, as persoas traballadoras, as industrias e a sociedade europea en xeral.

Esta transición require unha transformación socioeconómica, especialmente nas rexións que dependen dos combustibles fósiles e das industrias de gran consumo de enerxía, xa que pon en perigo a base económica tradicional das devanditas rexións. Desde 2019, a Unión Europea desenvolveu un amplo marco de políticas e iniciativas destinadas a facilitar a dobre transición ecolóxica e dixital.

O "Ditame do Comité Europeo das Rexións-Unha transición xusta e sustentable das rexións con industria de automoción" fai énfase en múltiples implicacións da transición e, entre elas, lembra a necesidade de reducir drasticamente as emisións de gases de efecto invernadoiro. É necesario actuar con decisión, especialmente no transporte por estrada, cuxa elevada proporción de emisións non se reduciu ata a data de forma sustentable. En prol da sustentabilidade, tomouse a decisión de prohibir a matriculación de vehículos convencionais de gasolina e diésel en toda a UE a partir de 2035. Respecto da apertura tecnolóxica, convén seguir permitindo tras esa data a homologación dos motores que funcionen con electrocombustibles climaticamente neutros. Subliña, ademais, a necesidade de aumentar a sustentabilidade do sistema de mobilidade para alcanzar os obxectivos climáticos e que esta dobre transformación terá un profundo impacto nos ecosistemas automobilísticos rexionais.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por tanto, unha estratexia europea de transformación integral é fundamental para a UE, xa que a industria automobilística está moi integrada a través das fronteiras nacionais e a mobilidade de persoas e mercadorías é un factor importante nun sistema económico moderno. Europa debe adoptar as novas tecnoloxías e converterse en líder tecnolóxico se desexa seguir sendo competitiva a escala mundial. Esta estratexia debe centrarse en como investigar e desenvolver novas tecnoloxías, á vez que se apoia ás rexións con industria de automoción máis afectadas e vulnerables na súa transición mediante a reciclaxe profesional e o desenvolvemento de capacidades. Sinala que a transformación da mobilidade automobilística tamén repercutirá no sector dos servizos (talleres, gasolineras, tendas de pezas de recambio etc.), o que debe mitigarse desde o punto de vista social.

A transición das rexións con industria de automoción require a transición de todo un sistema de servizos en torno ao automóbil e o seu mantemento, centrado na reciclaxe e a mellora das capacidades da man de obra (rexional) e no marco a escala da UE para as capacidades e o emprego. Subliña a importancia da electrificación da industria automobilística e sinala que é preciso centrarse nas súas cadeas de valor, a eficiencia das baterías e a fabricación de equipamentos utilizados nesta industria. A produción está cada vez máis orientada aos procesos e é por conta do propio fabricante. É necesario transformar as industrias tradicionais para convertelas en provedoras das novas tecnoloxías e sectores, e, en consecuencia, o reaxuste das competencias é un factor importante para afrontar os retos do futuro.

Nesta conxuntura, a industria da automoción europea enfróntase a un gran desafío para manter a súa competitividade a futuro e isto vén impactando na estabilidade das industrias nas rexións con industria de automoción, particularmente en Galicia. Esta situación debe abordarse, sen dúbida, con proxectos a longo prazo e coa intervención directa das institucións e fondos comunitarios, iso sen prexuízo de que as rexións traten de paliar no posible os impactos aos que se ve sometido o sector de modo máis inmediato.

Por iso, a Xunta de Galicia, consciente destas circunstancias, decidiu abordar unha primeira medida extraordinaria, dirixida a reducir parcialmente os custos de investimento recentes realizados polas empresas galegas do sector de automoción neste mesmo exercicio 2024 cunha axuda inmediata e dotada con 18 millóns de euros, como primeiro escudo de apoio ao sector na súa transición á mobilidade sustentable, particularmente á electromobilidade, cunha convocatoria publicada no Diario Oficial de Galicia do 2 de xullo de 2024.

En relación con esta convocatoria, na pregunta indícase que "quedaron solicitudes sen apoio", o cal non é certo, xa que todas as solicitudes que cumprían os requisitos da convocatoria foron beneficiarias dunha axuda.

En relación á cuestión relativa á razón da interposición dun recurso administrativo contra as bases reguladoras das axudas a proxectos que impulsen e reforcen a transición á cadea de valor do vehículo eléctrico e á descarbonización do sector de automoción de Galicia, por lóxica, debería facerse á entidade que o interpuxo e non á Xunta de Galicia, que entende que este recurso carece de fundamento xurídico.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por outra parte, cómpre salientar que o Goberno galego está a manter un diálogo permanente e construtivo con todo o sector da automoción e, froito del, estanse a levar acabo numerosas accións de cooperación. Entre elas, destaca a colaboración levada a cabo coas entidades representativas deste sector para a elaboración do Plan director da automoción para o período 2025-2027, aprobado o 17 de marzo do 2025, que busca promover a transformación tecnolóxica e dixital, mellorar a capacitación dos profesionais e fomentar a colaboración entre empresas, centros de investigación e administracións públicas, co fin de acompañar o sector no seu proceso de transición e fortalecer a súa competitividade futura. Desprégase en torno a dous obxectivos estratéxicos, cinco eixes e sete ámbitos de prioridades con 67 medidas que se desenvolverán ata o ano 2027 de apoio ao sector da automoción por parte das distintas consellerías da Xunta de Galicia.

Entre as medidas inclúese unha dirixida a reforzar o diálogo coa previsión de que, no marco do diálogo social, se constitúa unha Mesa de Economía e Industria e, no seo dela, a creación dun grupo de traballo para o sector da Automoción a fin de analizar as demandas e propoñer as medidas máis acaídas que favorezan o desenvolvemento deste sector. Prevese que na constitución deste grupo de traballo participen todas as organizacións integrantes da mesa do diálogo social.

En consecuencia, e a pesar do momento complexo que este sector está atravesando, a Xunta de Galicia está a acometer medidas ambiciosas para promover a actividade industrial e o emprego no sector do automóbil, e que permiten paliar a baixa execución dos fondos asignados aos PERTE industriais que o Estado decidiu, de forma unilateral, xestionar sen a necesaria participación das Comunidades Autónomas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 13:59:42
Nº Rexistro: 33592
Data envío: 09/09/2025 13:59:42.103

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 13:59:41

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 26880**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo, don Xosé Manuel Golpe Acuña e don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre **"o novo plan da dirección de Navantia para a construción naval na ría de Ferrol"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"Tal e como se vén demostrando de forma reiterada, a Xunta de Galicia apoia os investimentos que se poidan realizar no estaleiro Navantia Ferrol co obxectivo de garantir a súa actividade actual e futura e, polo tanto, o mantemento do emprego asociado á construción naval na comarca de Ferrolterra.

Con respecto ao Plan industrial ao que se fai referencia na pregunta, a Xunta de Galicia ten amosado o seu apoio, aínda que, a día de hoxe, non se teña constancia nin garantías do cumprimento de distintas promesas realizadas a principios do ano 2024 por parte do presidente do Goberno do Estado en relación á carga de traballo en Navantia Ferrol, máis aló de novos proxectos concretos, derivados do importante incremento de fondos que se van dedicar á seguridade e á defensa nos vindeiros anos.

Pola contra, por parte do Goberno galego trátase sempre de apoiar e axilizar as actuacións que poidan garantir a carga de traballo neste estaleiro. Así, o pasado mes de xullo de 2024, a Xunta de Galicia outorgou a Autorización Ambiental Integrada para a planta de construción e mantemento naval de Navantia en Ferrol. Con esta resolución complétanse os pasos para que a instalación obteña os permisos ambientais necesarios para desenvolver a actividade, dado que as súas características fan que teña que ser sometida a unha autorización ambiental integrada, figura de intervención administrativa que establece o condicionado medioambiental para a realización destes traballos.

A documentación recolle que a planta de reparación e construción de barcos de Ferrol desenvolverá actividades para o deseño, fabricación, construción, transformación, reparación e mantemento de buques, zonas de embarcacións, artefactos mariños (incluídas instalacións offshore), pequenas embarcacións e equipamentos industriais. Ao mesmo tempo, as instalacións servirán para a fabricación, montaxe e reparación de turbinas e aeroxeradores, incluíndo as súas estruturas de soporte fixas ou flotantes, para a súa posterior instalación no destino final.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por outra parte, o 29 de febreiro de 2024, o Consello da Xunta de Galicia acordou declarar seis sectores industriais como estratéxicos para Galicia, entre os que se atopa o da construción naval, para os efectos da elaboración dun plan director, figura prevista no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

Os plans directores dos distintos sectores industriais son ferramentas estratéxicas deseñadas para fomentar o desenvolvemento da actividade industrial en áreas específicas. O seu obxectivo é definir e establecer as medidas necesarias para impulsar estes sectores, con miras a fortalecer todo o tecido industrial da Comunidade Autónoma de Galicia e promover a creación e mantemento do emprego na industria.

As medidas contempladas nos plans están orientadas a fortalecer o tecido industrial galego. Isto inclúe mellorar a competitividade das industrias existentes, fomentar a súa internacionalización, promover a sustentabilidade e impulsar a innovación nos seus procesos produtivos. O fin último é incrementar o emprego industrial de calidade en Galicia. Ademais, estas medidas tamén están dirixidas a atraer investimentos que reforcen o tecido industrial galego, aproveitando e fortalecendo as sinerxías tanto sectoriais como intersectoriais.

No caso do sector da construción naval, e trala colaboración levada a cabo coas entidades representativas do mesmo, entre elas Navantia, así como coas distintas Consellerías e entidades da Xunta de Galicia con competencias afectadas pola actividade industrial, en marzo 2025 aprobouse o Plan Director da construción naval 2025-2027, cun orzamento de máis de 62 millóns de euros e que inclúe 62 medidas destinadas a impulsar a dinamización industrial, a formación, a innovación e a mellora das infraestruturas e do solo industrial.

Por outra parte, cómpre salientar que o impacto de Navantia no tecido empresarial da comarca é Ferrol é moi relevante e non se limita aos empregos directos que xera esta sociedade, senón tamén aos creados en empresas auxiliares. Por parte da Xunta de Galicia, valórase positivamente o aproveitamento das oportunidades de captación de actividade que permitan o mantemento e crecemento da actividade en Navantia. E, neste sentido, a Xunta de Galicia ten demandado ao Goberno do Estado a adxudicación a Navantia - Ría de Ferrol das construcións militares de mediano e grande porte, como viña sendo norma historicamente; a introdución de Navantia – Ría de Ferrol nos segmentos de maior carga tecnolóxica das actividades relacionadas coas enerxías renovables e a descarbonización da mobilidade marítima; a dotación de novas infraestruturas, como un dique para nova construción e outro para reparacións de maiores dimensións que o actual dique 3, así como mellorar e aumentar a capacidade dos sistemas de elevacións de cargas; ou a descentralización da política de compras e subcontratacións, favorecendo o tecido empresarial do territorio de referencia para Navantia – Ría de Ferrol.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





De forma xeral, todas as medidas que está impulsando a Xunta de Galicia a favor do sector naval enmárcanse dentro dunha estratexia xeral de apoio á industria e á actividade económica, impulsando tanto novos proxectos como a ampliación dos existentes, co obxectivo último de crear emprego estable e de calidade.

Finalmente, cómpre salientar que a Xunta de Galicia xa ten anunciado que o CIS Ferrol se converterá nunha referencia para a innovación tecnolóxica en enerxías mariñas e almacenamento enerxético, co obxectivo de situar o ecosistema galego destas dúas industrias como referentes nacionais e internacionais na subministración de bens e servizos en toda a cadea de valor, promover a competitividade destas industrias galegas e dotar a Galicia de infraestruturas científicas e tecnolóxicas de proba e demostración, fomentar a creación de emprego cualificado nesta industria e reivindicar o papel destas enerxías na redución das emisións de CO2”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 13:59:23
Nº Rexistro: 33589
Data envío: 09/09/2025 13:59:23.127

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 13:59:22

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 27565**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e outras deputadas, sobre **"o número de contratos para a externalización de funcións realizados polo Instituto Galego de Promoción Económica"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego é plenamente consciente da importancia de contar cun Instituto Galego de Promoción Económica forte, con capacidade técnica e con recursos suficientes para acompañar ao noso tecido empresarial. Por iso, lonxe de depender da externalización, a prioridade é reforzar os medios propios do Igape e poñelos ao servizo das empresas.

En primeiro lugar, cómpre subliñar que o orzamento do Igape para 2025 ascende a 278 millóns de euros, cun incremento do 20% respecto ao ano anterior. Este aumento tradúcese en máis recursos para impulsar a competitividade, apoiar a transformación dixital e sostible, facilitar o acceso ao financiamento e potenciar a internacionalización das empresas galegas.

Dentro deste marco, destaca o papel da Oficina Económica de Galicia, concibida como unha canle única de relación co tecido produtivo. Con máis de 26.000 consultas atendidas desde a súa posta en marcha e preto de 1.300 reunións de asesoramento presencial, a oficina permite reducir a burocracia e ofrecer un acompañamento personalizado ás empresas e aos investidores.

Esta fórmula representa un cambio de paradigma: en lugar de dispersar servizos ou derivar funcións a terceiros, concéntrase a atención en equipos propios, con persoal do Igape especializado e coñecedor da realidade económica galega, dos marcos de apoio existentes e dos procedementos administrativos correspondentes, apoiados por unha rede de colaboradores externos, expertos en áreas clave como financiamento, innovación, enerxía ou estratexia empresarial, e tamén en novas temáticas que podan demandar as empresas.

A Oficina Económica conta, así mesmo, cunha rede de apoio complementaria a través das antenas do Igape no exterior (China, Estados Unidos, Marrocos, México, Emiratos Árabes Unidos e Xapón) e coa próxima apertura dun punto de atención en Madrid, que reforzará a captación de investimentos e o acompañamento ás empresas galegas nos mercados internacionais.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





En definitiva, a aposta da Xunta non é incrementar a externalización senón fortalecer a estrutura interna do Igape, incrementar o seu orzamento e poñer en marcha novas ferramentas que dean resposta á realidade empresarial de hoxe. O obxectivo é claro: dotar a Galicia dun organismo público con máis capacidade, máis recursos e máis proximidade, capaz de deseñar e executar políticas económicas ao servizo do interese xeral”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 13:50:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 13:51:00
Nº Rexistro: 33581
Data envío: 09/09/2025 13:51:00.152

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 15847**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a escaseza de polbo nas rías galegas nos últimos anos e a redución de capturas na actual campaña, o grao de cumprimento por parte do Goberno dos acordos parlamentarios nesta materia e as investigacións que leva a cabo para determinar as razóns desta situación"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O 17 de marzo de 2025, a Xunta acordou co sector unha parada biolóxica en abril e unha veda do polbo en Galicia durante dous meses, en concreto, maio e xuño, tal e como se trasladou ao sector na última reunión da comisión de seguimento do plan experimental para a xestión deste octópodo.

A parada biolóxica e a veda son medidas técnicas que recolle o plan do polbo co fin de axustar a xestión pesqueira ao ciclo de vida da especie e así protexer a súa reprodución e garantir o reclutamento, contribuíndo así á recuperación do recurso e asegurando unha explotación sostible deste recurso pesqueiro. Así, en ambos períodos queda expresamente prohibida a captura desta especie, por medio de calquera arte, en augas nas que Galicia ten competencias en marisqueo, xa sexan interiores ou exteriores. Polo tanto, as embarcacións dedicadas á captura deste cefalópodo con nasas deberán retiralas do seu calamento e levalas a porto. Tamén é aplicable á pesca marítima de recreo e ás capturas con calquera outra arte distinta da nasa para polbo.

Unha das novidades respecto ao último plan é que a paralización da actividade extractiva no mes de abril contará con apoio económico ao sector afectado ao abeiro do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (Fempa) que ampara a posibilidade de habilitar estas axudas á paralización temporal para aplicar medidas de conservación como os períodos de descanso biolóxicos dos recursos aparece recollida no regulamento deste fondo. Realízase para favorecer as condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a esta actividade e para impulsar o desenvolvemento da actividade de xeito sustentable.

No plan consensuado co sector para a campaña que se abriu no mes de xullo, ao terminar a veda, non varían nin os quilogramos marcados como captura máxima nin as e especies acompañantes que se poden capturar, como tamén permanecerán igual os horarios. Deste xeito o Goberno galego culmina a elaboración do plan para a campaña 2025-2026, iniciado o ano pasado e da man do sector, no que se analizaron as mellores datas para retomar a actividade da frota en función do desove da especie e tamén dos alevíns.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Así, no DOG do 31 de marzo de 2025, a CONSELLERÍA DO MAR publicaba a RESOLUCIÓN do 26 de marzo de 2025 pola que se aproba o Plan experimental para a xestión do polbo (*Octopus vulgaris*) para a campaña 2025/26:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250331/AnuncioG0427-270325-0003_gl.pdf

O primeiro mes de campaña do polbo arroxou excelentes cifras para o sector. Así, desde o 1 de xullo (ata o 25 de xullo) xa foran comercializadas preto de 290 toneladas desta especie nas lonxas galegas deixando unha facturación superior aos 3,3 millóns de euros. Uns números que melloran substancialmente os rexistrados no 2024 cun incremento do 100 % na produción e un 122 % nos ingresos grazas, en parte, a un prezo medio por quilo de 11,45 euros fronte aos 10,42 do pasado ano. En xullo do pasado ano, as lonxas galegas poxaron 143.254 quilos por valor de 1.492.174 euros.

Deste xeito, as tres rulas con maior actividade están a ser Ribeira, Bueu e Vigo. Comercializaron, respectivamente, 75.073, 41.020 e 26.498 quilos de cefalópodo; o que supuxo unha facturación de 805.371 euros no caso da do Barbanza, 498.873 na bueuense e 342.210 na viguesa. Estes datos son notablemente superiores aos rexistrados en 2024 por estas mesmas datas: Ribeira: 37.911 quilos (402.829 euros); Bueu: 17.035 quilos (175.231 euros); e Vigo: 14.979 quilos (169.648 euros).

A actividade da frota regresou, por tanto, con forza despois de tres meses sen actividade despois do acordo alcanzado entre a Consellería do Mar e o sector para realizar unha parada biolóxica no mes de abril, na que a Xunta mobilizou 4 millóns en axudas aos profesionais afectados, e unha veda nos meses de maio e xuño. O obxectivo destas medidas técnicas, que recolle o plan do polbo, é axustar a xestión pesqueira ao ciclo de vida da especie e así protexer a súa reprodución e contribuír a unha explotación sostible deste recurso pesqueiro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 11:06:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33375
Data envío: 07/09/2025 11:06:24.904

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 15879**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso, don Xosé Manuel Golpe Acuña e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"a natureza da area e dos materiais que se están a depositar na praia da Basteira, en Cariño, procedentes da dragaxe do porto, os trámites ambientais realizados para a súa autorización e a empresa e as administracións implicadas nestes traballos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Portos de Galicia investiu 600.000 euros na primeira fase das obras de dragaxe do porto de Cariño, finalizadas a principios de 2025. A día de hoxe ten ademais xa en licitación a segunda fase desta actuación co obxectivo de manter o calado recuperado, aportando maior seguridade á flota e operatividade ás instalacións portuarias. O investimento previsto polo ente público nesta segunda fase é de 220.000 euros.

As obras xa executadas contaron con todos os informes ambientais favorables, tanto estatais como autonómicos que esixe a normativa vixente.

O aproveitamento da area para a rexeneración das praias é unha directriz interministerial para todas as dragaxes. No caso de Cariño, en base á calidade amosada polas mostras previas dos áridos, a Demarcación de Costas do Estado autorizou o aproveitamento de preto de 10.000 metros cúbicos para as praias da Concha e a Basteira. Ademais o proxecto foi sometido a información pública para coñecemento de todas as persoas interesadas a través de anuncio no BOE de 21 de xullo de 2023 e edictos no taboleiro municipal.

Unha vez iniciados os traballos realizouse un seguimento rigoroso da execución, incluída a presenza in situ dos técnicos de Portos de Galicia e Costas do Estado. Este último organismo suspendeu temporalmente os traballos durante a súa execución para realizar novas analíticas dos áridos extraídos e 7 días despois levantou a suspensión ao reiterarse nestas a adecuación do material para o seu uso na rexeneración da praia da Basteira".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 11:06:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33373
Data envío: 07/09/2025 11:06:12.617

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16155**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para o recoñecemento das confrarías de pescadores galegas por parte das institucións comunitarias e a súa integración na Política Pesqueira Común"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 2 de setembro de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 30695, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OGZkMTExODAtMjA4My00MDZhLWE1NDItMGNmYWZkYzMyOWUy&start=8614>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a valoración, xestión e actuacións realizadas pola Xunta de Galicia respecto do recoñecemento da figura das cofradías de pescadores".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 11:05:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33371
Data envío: 07/09/2025 11:05:59.806

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16228**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona Patricia Iglesias Rey e dona Lara Méndez López, sobre **"acordo da Consellería de Economía, Industria e Innovación para a materialización do seu apoio á construción do novo polígono industrial do concello de Ribeira, o financiamento previsto e o prazo en que podería estar dispoñible"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A dispoñibilidade de solo empresarial nos lugares e condicións adecuadas, e a prezos alcanzables, é unha das cuestións prioritarias que poden afectar ao desenvolvemento de proxectos empresariais. Por esta razón, a Xunta de Galicia está a levar diversas actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo ao longo de toda a Comunidade Autónoma, que facilite a implantación e crecemento das empresas, e contribúa á creación de emprego, especialmente no sector empresarial.

Ao igual que no resto de comarcas de Galicia, no caso da do Barbanza, a Xunta de Galicia considera importante desenvolver actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo empresarial.

En relación ás medidas desenvolvidas pola Xunta de Galicia, a planificación do solo empresarial realízase a través do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOAE). Este instrumento planifica e localiza a superficie de solo empresarial de carácter supramunicipal, e define os ámbitos do territorio susceptibles de acoller actuacións deste tipo para cubrir as necesidades a longo prazo. O desenvolvemento do solo empresarial nas áreas empresariais de interese autonómico vén regulado principalmente na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia. Polo tanto, o desenvolvemento do solo empresarial depende das tramitacións dos procedementos administrativos previstos na normativa, así como da dispoñibilidade de recursos orzamentarios e da priorización derivada das necesidades reais de solo empresarial nas distintas zonas da Comunidade Autónoma.

Ademais, a Xunta de Galicia ten impulsado tamén a creación doutras figuras que facilitan a implantación de actividades industriais no territorio de Galicia, como os proxectos industriais estratéxicos, definidos como iniciativas empresariais que se estime que teñen tal carácter pola súa función no desenvolvemento, implantación ou execución da política industrial autonómica e a súa incidencia económica ou social e que cumpran unha serie de requisitos establecidos no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Nesta liña, na Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas inclúese a modificación do Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en política industrial, engadindo a posibilidade de tramitación conxunta de proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial e proxectos industriais estratéxicos. Poñendo de este xeito a disposición dos empresarios unha posibilidade de desenvolver solo de xeito áxil con redución de prazos.

Igualmente na citada Lei 5/2024, inclúense, entre as medidas temporais e excepcionais dirixidas á creación de solo empresarial, os proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial en municipios rurais cunha tramitación simplificada, na cal posibilitase a redución dos prazos xerais para actuacións de solo empresarial en municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes para crear unha área empresarial de ata 5 ha.

O parque empresarial de A Barbanza conta cun proxecto sectorial aprobado con data 12 de maio de 2011, promovido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (en diante, IGVS). Este parque foi incluído no Plan Sectorial de Ordenación de áreas empresariais de Galicia aprobado definitivamente o 30 de abril de 2014 (código 15067011). Agora ben, o desenvolvemento de calquera dos instrumentos anteriores require a tramitación de procedementos administrativos que garantan que non existan afeccións aos valores ambientais ou patrimoniais para os que non se poidan establecer suficientes medidas correctoras nunha parte do seu ámbito ou na súa totalidade. Por esta razón, ao longo da tramitación dos ditos procedementos, poden aparecer condicionantes que fagan variar o deseño do proxecto inicialmente previsto, ou mesmo limitar a súa viabilidade.

Téñense detectado distintas afeccións do ámbito, que condicionan o desenvolvemento desta actuación, entre as que se atopan afeccións ao patrimonio cultural, á zona de policía de leitos, a liñas eléctricas de alta e media tensión.

Cómpre salientar que a tramitación do parque empresarial de Ribeira foi levada a cabo polo Concello en desenvolvemento das previsións do seu Plan Xeral de Ordenación Municipal, coa tramitación de unha modificación puntual do mesmo. Este ámbito denominado parque empresarial de Ribeira non ten consideración de carácter supramunicipal nin se rexeu a súa tramitación pola Lei de áreas empresariais de Galicia.

A Xunta de Galicia ten concedida unha axuda de 478.567,06€ para a subministración eléctrica no dito desenvolvemento”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 11:05:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33369
Data envío: 07/09/2025 11:05:47,196

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16809**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"as condicións en que está o paseo do Cantiño, na Illa de Arousa, e a postura da Xunta de Galicia ante as propostas de remodelación e de execución dun aparcadoiro"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O presidente de Portos recibiu ao alcalde da Illa en dúas ocasións, a última en xaneiro de 2025 –na que se acordou a reversión das prazas de O Regueiro e O Campo–, transmitíndolle o posicionamento de Portos de Galicia respecto ao Paseo do Cantiño. Neste sentido lembrou que o ente público ten entre as súas competencias a conservación e mantemento deste paseo que non ten uso portuario algún senón veciñal. Atendendo a esta competencia, Portos de Galicia asume as reparacións correspondentes ante posible desperfectos que presente a infraestrutura, pero non está prevista a día de hoxe unha intervención integral dado que Portos de Galicia prioriza as actuacións de carácter portuario.

Compre lembrar así mesmo que o estudo de viabilidade da proposta municipal para a construción dun aparcadoiro subterráneo no Paseo do Cantiño concluíu que non é viable economicamente ningunha das 3 alternativas presentadas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 11:05:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33367
Data envío: 07/09/2025 11:05:35.194

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 17223**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"o estado das instalacións do Centro de Saúde de Silleda e as actuacións que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia para a súa mellora"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Sanidade elaborou un informe ao respecto das deficiencias e está a impulsar as actuacións necesarias para corrixir as detectadas, garantindo o correcto mantemento das instalacións".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 11:05:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33366
Data envío: 07/09/2025 11:05:28.545

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 17784**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"as necesidades de persoal médico no PAC do Centro de Saúde de Noia e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para reforzar a súa dotación"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director xeral de asistencia sanitaria da Consellería de Sanidade en resposta á pregunta oral con número de rexistro 6430, formulada no marco da Comisión 5ª do Parlamento de Galicia celebrada o día 11 de xullo de 2024. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDM1NjlxYTktMDJkNi00MzdkLTg4ZTItMjc2MTU0MTViZmQw&start=5447>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33615
Data envío: 09/09/2025 14:14:33,595

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 14:14:33

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 19499**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Suárez Fernández, dona Iria Carreira Pazos e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"a dotación do Hospital Comarcal de Monforte de Lemos canto a recursos humanos e materiais e a situación da sanidade pública na área que abrangue"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo Xerente do SERGAS en resposta á pregunta oral con número de rexistro 21267, formulada na Comisión 5ª do Parlamento de Galicia celebrado o día 10 de abril de 2025. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/uW2gx9ixAQUccmwUijDLFzSBEWUwjD8nw5GfS4jav6QKp21>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 10:53:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33364
Data envío: 07/09/2025 10:53:39.307

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 19837**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Rios Santomé e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"a restitución do servizo de urxencias da Casa do Mar de Moaña e a garantía da súa continuidade no novo centro de saúde que se está a construír nesta localidade"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo conselleiro de Sanidade en resposta á pregunta oral con número de rexistro 19839, formulada no Pleno do Parlamento de Galicia celebrado o día 12 de marzo de 2025. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/Lyn35h9210MiuOYLD2sYECm0KSfbHdDJJN845fzB3upsuLp>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 14:14:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33612
Data envío: 09/09/2025 14:14:14.558

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 19852**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Valcárcel Armesto, dona Olalla Rodil Fernández e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"a perda de nutricionistas do Sergas na provincia de Lugo producida ao remataren moitos destes profesionais os seus contratos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A creación da categoría de nutricionista de atención primaria en Galicia en decembro de 2022 supuxo unha mellora na abordaxe de enfermidades crónicas como a diabetes ou a hipertensión, reforzando a atención dende os propios centros de saúde a través dun programa piloto.

A Xunta de Galicia foi pioneira na incorporación destes profesionais á atención primaria e tras o programa piloto consolidou a súa aposta coa creación de 45 prazas estables. O número de prazas creadas baseouse na demanda durante o programa piloto e nas recomendacións de rateos establecidas por colexios e asociacións profesionais.

A Asociación Española de Dietistas-Nutricionistas (AEDN) recomenda que haxa 1 nutricionista por cada 50.000 habitantes. Con 45 nutricionistas o Servizo Galego de Saúde cumpre con este criterio referente á poboación diana".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 10:53:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33361
Data envío: 07/09/2025 10:53:22.795

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 19890**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as actuacións previstas pola Xunta de Galicia ante o informe do Defensor del Pueblo relativo á atención sanitaria do centro psiquiátrico La Robleda, do concello do Pino"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade en resposta á pregunta oral con número de rexistro 19537, formulada na Comisión 5ª do Parlamento de Galicia celebrada o día 20 de febreiro de 2025. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/4mQUcVP5LwY1n6pbjcFg43CbiYorfkpDpCRpNTXz0ruXr0z5>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33608
Data envío: 09/09/2025 14:10:25.442

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 14:10:25

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 20005**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña, don Ramón Fernández Alfonso e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"a situación da atención primaria no concello das Pontes e as previsións da Xunta de Galicia canto á mellora da dotación profesional, dos seus servizos médicos e dos medios materiais"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia segue reforzando a atención sanitaria no concello das Pontes.

En radioloxía, a decisión de instalar novos equipos en Ortigueira e Pontedeume responde á súa localización xeográfica estratéxica. En todo caso, a cidadanía das Pontes pode realizar probas en Narón, Fontenla Maristany, Ortigueira ou Pontedeume, con demoras programadas de só 1-2 semanas e cobertura garantida para urxencias.

En pediatría, a poboación infantil actual é de 1.018 nenos, cifra que cumpre a ratio recomendada dun pediatra por cada 1.000. Cunha soa praza cúmprese coa ratio recomendada pero ademais creouse unha segunda praza en 2020 que se mantén ofertada, aínda que non hai dispoñibilidade de profesionais para ocupala. A demora media para consulta sitúase en 2,19 días.

En medicina de familia, o centro de saúde das Pontes dispón de 8 prazas cubertas, cun cupo medio de 1.100 pacientes, moi por debaixo das cifras recomendadas polas sociedades científicas. No PAC, as 4 prazas de facultativos están cubertas de forma estable, cunha media de 18 asistencia por garda, tamén por baixo do límite recomendado.

En canto á atención domiciliaria, o PAC conta cun servizo de taxi contratado e outros cinco vehículos dispoñibles para desprazamentos, co fin de garantir a cobertura.

A Xunta de Galicia reitera o seu compromiso coa mellora continua da atención primaria, actuando sempre con planificación, responsabilidade e criterios obxectivos, sabendo que o déficit de profesionais en determinadas especialidades, como o caso da Pediatría, é responsabilidade directa do Goberno de España".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33606
Data envío: 09/09/2025 14:06:39.437

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 14:06:39

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 20033**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana, don Carlos López Font e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante as necesidades da atención sanitaria primaria de Vigo en canto á dotación de prazas de nutricionistas e á súa cobertura"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A creación da categoría de nutricionista de atención primaria en Galicia en decembro de 2022 supuxo unha mellora na abordaxe de enfermidades crónicas como a diabetes ou a hipertensión, reforzando a atención dende os propios centros de saúde a través dun programa piloto.

A Xunta de Galicia foi pioneira na incorporación destes profesionais á atención primaria e tras o programa piloto consolidou a súa aposta coa creación de 45 prazas estables. O número de prazas creadas baseouse na demanda durante o programa piloto e nas recomendacións de rateos establecidas por colexios e asociacións profesionais.

A Asociación Española de Dietistas-Nutricionistas (AEDN) recomenda que haxa 1 nutricionista por cada 50.000 habitantes. Con 45 nutricionistas o Servizo Galego de Saúde cumpre con este criterio referente á poboación diana".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33357
Data envío: 07/09/2025 10:52:57.809

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 10:52:57

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 20023**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto da vinculación existente entre o servizo de aparcadoiro dun hospital público e unha asistencia sanitaria de calidade"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo Conselleiro de Sanidade en resposta á pregunta oral con número de rexistro 20024, formulada no Pleno do Parlamento de Galicia celebrado o día 7 de maio de 2025. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/SeT0GVk9cQPt2jSoLzDMpLRI7tpsCTgTpBrEYx1pvat2RjRa>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 14:06:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33603
Data envío: 09/09/2025 14:06:21.156

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 20159**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"o prazo previsto polo Goberno galego para a posta en marcha da Unidade de Oncoloxía Pediátrica de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Unidade de Oncoloxía Pediátrica de Galicia está plenamente operativa desde a súa creación en 2017, baixo un modelo de traballo en rede entre os tres hospitais de referencia: CHUAC, CHUS e CHUVI.

Esta rede conta con tres especialistas dedicados en exclusividade á oncohematoloxía pediátrica en cada centro e reúnese semanalmente para avaliar casos novos, recidivas e situacións de especial complexidade, acadando consensos diagnósticos e terapéuticos.

Este modelo adiántase ao acordo estatal de 2018 para a concentración asistencial e o tratamento coordinado do cancro infantil, que aposta precisamente pola organización en unidades especializadas.

A Xunta segue escoitando aos profesionais implicados, que valoran positivamente o funcionamento da unidade en rede e coinciden en que se trata dun modelo eficaz, cunha atención de calidade para nenos e adolescentes con cancro.

A Xunta reitera o compromiso co reforzo da oncoloxía pediátrica e cunha sanidade pública de excelencia en Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 14:04:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33601
Data envío: 09/09/2025 14:04:20.830

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 20600**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a modificación das condicións iniciais do convenio asinado entre a Xunta de Galicia e o Concello de Noia para a construción do novo centro de saúde desa vila"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está a avanzar con firmeza na construción dun novo centro de saúde en Noia, un proxecto estratéxico para mellorar a atención sanitaria da vila e da súa comarca.

O convenio asinado entre o SERGAS e o Concello establece a cesión dunha parcela que permite unha edificabilidade suficiente para construír un centro funcional, accesible e moderno. A parcela cedida posibilita ata 7.000 m² de superficie construtiva, cumprindo sobradamente co plan funcional previsto.

A construción en varias plantas non supón ningún impedimento funcional. Existen exemplos recentes de centros de saúde construídos con esta estrutura, como o de Moaña, Narón ou os Centros Integrals de Saúde de Lugo e de Lalín.

Desde novembro de 2024 está en marcha o proceso para redactar o proxecto construtivo, xa adxudicado en marzo de 2025. O novo centro de saúde de Noia vai ser unha realidade, con máis servizos, máis consultas e máis capacidade asistencial".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33597
Data envío: 09/09/2025 14:03:56.157

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 14:03:55

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 20764**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a postura do Goberno galego ante as necesidades das diferentes áreas sanitarias de Galicia verbo da dotación e cobertura de prazas de nutricionistas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A creación da categoría de nutricionista de atención primaria en Galicia en decembro de 2022 supuxo unha mellora na abordaxe de enfermidades crónicas como a diabetes ou a hipertensión, reforzando a atención dende os propios centros de saúde a través dun programa piloto.

A Xunta de Galicia foi pioneira na incorporación destes profesionais á atención primaria e tras o programa piloto consolidou a súa aposta coa creación de 45 prazas estables. O número de prazas creadas baseouse na demanda durante o programa piloto e nas recomendacións de rateos establecidas por colexios e asociacións profesionais.

A Asociación Española de Dietistas-Nutricionistas (AEDN) recomenda que haxa 1 nutricionista por cada 50.000 habitantes. Con 45 nutricionistas o Servizo Galego de Saúde cumpre con este criterio referente á poboación diana".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 10:50:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33354
Data envío: 07/09/2025 10:50:17.858

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 21019**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández, dona Iria Carreira Pazos e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"a situación do Hospital Público de Verín no que concirne ao número de prazas vacantes en varias especialidades médicas e as previsións da Xunta de Galicia ante a carencia de especialistas neste hospital"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"No Hospital comarcal de Verín hai 56 facultativos especialistas. Na actualidade existen dúas vacantes. As prazas de CardioloXía, DermatoloXía e NeuroloXía atópanse cubertas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33351
Data envío: 07/09/2025 10:50:00,341

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 10:49:59

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 21189**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e dona Iria Carreira Pazos, sobre **"o grao de implicación do Goberno galego no desenvolvemento da lexislación que garante o dereito a unha morte digna e o funcionamento do Rexistro Galego de Instrucións Previas (Regaip)"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade en resposta á pregunta oral con número de rexistro 21190, formulada na Comisión 5ª do Parlamento de Galicia celebrado o día 27 de marzo de 2025. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/4w3tEozC508SRPRhCg00vvd6X1PGxqXqPW5nqqoegZTHi81b>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33347
Data envío: 07/09/2025 10:49:35.378

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 10:49:35

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 21221**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González, don Secundino Fernández Frenández e dona Sonia Vidal Lamas, sobre **"a situación xerada tras a aprobación da nova normativa que regula os medicamentos veterinarios, así como a postura e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia coñece, recoñece e valora o traballo que realiza o colectivo veterinario e, desde o primeiro momento, mantén un contacto permanente cos Colexios Veterinarios de Galicia, compartindo a preocupación polas consecuencias derivadas da aplicación do Real Decreto 666/2023.

Precisamente por iso, solicitouse ao Goberno do Estado unha revisión da norma e demandouse diálogo para a súa aplicación, unha reforma que afecta de forma directa ao exercicio da profesión e que debe facerse co consenso dos axentes implicados.

Ao tempo, Galicia foi pioneira en regular a dispensación de medicamentos de uso humano no ámbito veterinario, garantindo a seguranza xurídica das prescricións excepciónais por baleiro terapéutico, especialmente en casos oncolóxicos. Esta normativa foi consensuada coas entidades colexiais e tivo en conta as alegacións presentadas.

A Xunta de Galicia segue traballando para trasladar ao Goberno de España a necesidade de modificar aspectos excesivamente restritivos do Real Decreto 666/2023 e para buscar vías de colaboración que faciliten o exercicio profesional dos veterinarios, sempre cun obxectivo compartido: combater as resistencias antimicrobianas sen comprometer a atención sanitaria animal".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 10:49:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33346
Data envío: 07/09/2025 10:49:24.155

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 21430**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Oscar Insua Lema e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"a eliminación do servizo de pediatría no Centro de Saúde de Carnota e a acumulación en Muros da atención sanitaria para ambos os dous concellos no que atinxe a esta especialidade"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia mantén o seu compromiso coa atención pediátrica no conxunto do territorio, a pesar do contexto de escaseza xeneralizada de profesionais en todo o Estado.

No caso de Carnota, o pediatra titular ten o seu centro de cabeceira en Muros e, debido a unha incapacidade temporal doutro facultativo, viuse obrigado a centralizar alí a actividade asistencial. Esta organización busca garantir a continuidade da atención en ambas as localidades, dentro das limitacións de profesionais actuais no sistema.

Cómpre lembrar que os médicos de familia están plenamente capacitados para atender a nenos e nenas, como parte do seu ciclo formativo. Ademais, o 95 % dos menores galegos reciben atención pediátrica no seu propio concello.

A Xunta leva anos aplicando medidas pioneiras para paliar o déficit de profesionais, como a Lei de postos de difícil cobertura ou a oferta do 100 % das prazas formativas dispoñibles. A cobertura da praza de pediatría e do persoal de enfermaría pediátrica en Carnota realizárase tan pronto como haxa profesionais dispoñibles para seren contratados.

O Goberno galego mantén a súa aposta por unha sanidade pública de calidade, tamén no rural, e traballa con responsabilidade e anticipación para garantir a mellor atención posible a toda a poboación, sabendo que o déficit de profesionais en determinadas especialidades, como o caso da Pediatría, é responsabilidade directa do Goberno de España".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/09/2025 10:40:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33341
Data envío: 07/09/2025 10:40:30.565

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 21467**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"a situación do saneamento na zona portuaria de Lorbé, no concello de Oleiros, e as previsións da Xunta de Galicia respecto da súa eventual intervención nun proxecto de obras para evitar as verteduras sen garantías sanitarias"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O saneamento é unha competencia que corresponde á Administración local. É o concello o responsable deste servizo básico, o dí a normativa en vigor ao respecto. Márcao a lei, se regula principalmente na Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local (LRBRL). Artículo 25.

No caso do porto de Lorbé a prestación do servizo de saneamento está garantida a través dun sistema de saneamento por gravidade que funciona e resulta efectiva para dar resposta ás necesidades portuarias.

Non constan en Portos de Galicia nin Augas de Galicia vertidos de augas fecais no porto de Lorbé debido a problemas no sistema de saneamento destas instalacións. Non consta ningunha denuncia nin do Seprona, nin da Guardia Civil nin outras entidades competentes neste sentido. Tampoco constan vertidos na depuradora de moluscos.

Dada por tanto unha situación na que a falta de rede de saneamento non afecta ao normal funcionamento das instalacións portuarias senón que se trata dunha necesidade municipal e dado que como dixemos o saneamento municipal é competencia do Concello, a Xunta de Galicia amosa a súa vontade de colaboración institucional co Concello de Oleiros para que este poida poñer en funcionamento dita rede.

A vontade de colaboración da Xunta co Concello de Oleiros nesta materia está avalada polas actuacións xa desenvolvidas por Augas de Galicia neste sentido, que ascenden a máis de 7 millóns de euros".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 11:25:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:25:45
Nº Rexistro: 33306
Data envío: 05/09/2025 11:25:45,047

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 21472**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"os prazos previstos pola Xunta de Galicia para cumprir cos seus compromisos de ampliación do porto de Lorbé, no concello de Oleiros"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Portos de Galicia está a traballar no proxecto de ampliación do Porto de Lorbé. Para este proxecto, Portos de Galicia realizou estudos ambientais e en base a eles desenvolveu un proxecto básico da actuación.

Con motivo destes estudos previos para a ampliación do porto comentouse por parte dos usuarios –na actualidade son 5 as embarcacións que operan habitualmente no peirao pesqueiro– a necesidade de ampliar o calado nos peiraos dada, fundamentalmente, a acumulación de restos de mexillón que reduce a cota na zona dos peiraos.

Esta necesidade foi recollida por Portos de Galicia que, durante o avance do proxecto de mellora de abrigo, decidiu separar as dúas actuacións: dotación de abrigo e recuperación de calado a efectos da súa posible tramitación porque probablemente conleven prazos moi diferentes.

Para avanzar na resposta á cuestión prioritaria de dotación de calado, en maio de 2024 fíxose unha inspección cun robot de inspección submariña dos peiraos corroborando así que o sedimento é cuncha de mexillón, o que determina as características do proxecto para a súa retirada e recuperación de calado.

Polo tanto Portos de Galicia ten contemplado xa na súa planificación de actuacións a medio prazo esta dragaxe, dentro da prioridade que lle corresponde no marco das necesidades dos 122 instalacións portuarias que xestiona.

O ente público ten previsto dar continuidade aos estudos xa iniciados para prantexar unha solución técnica e economicamente viable.

Esta actuación, xunto con outras 20 dragaxes de zonas portuarias, son nas que se está a traballar Portos de Galicia. Para isto, Portos de Galicia prevé a contratación este mesmo ano dun novo lote de estudos de dragaxe co horizonte 2026-2030, que dea continuidade ao que está en vigor a día de hoxe por importe de 1,3 millóns de euros, de xeito que se poida abordar a continuación na tramitación do correspondente estudo de impacto ambiental".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 11:25:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:25:23
Nº Rexistro: 33303
Data envío: 05/09/2025 11:25:23.471

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 21507**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"a situación da atención pediátrica no Centro de Saúde de Silleda"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia garante a asistencia pediátrica no concello de Silleda a través dunha praza estable de pediatría no centro de saúde, que atende a un total de 896 nenos e nenas. O cupo sitúase por debaixo do máximo recomendado polas sociedades científicas, polo que non se produce sobrecarga asistencial.

Cando a pediatra está ausente, os menores de 3 anos son derivados ao centro de saúde de Vila de Cruces e os maiores son atendidos polo persoal de medicina de familia, especialistas cualificados para prestar atención sanitaria integral en todas as etapas da vida, incluída a infancia e adolescencia.

As ausencias producíronse de forma puntual e con cobertura garantida, polo que non se xustifica falar dunha falla estrutural do servizo. Ademais, na actualidade non existe demora para pediatría en Silleda, xa que as citas se conceden de maneira inmediata.

A Xunta de Galicia reitera o seu compromiso coa atención pediátrica no rural e coa mellora continua dos recursos sanitarios".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 11:25:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:25:11
Nº Rexistro: 33301
Data envío: 05/09/2025 11:25:11.293

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 21585**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as condicións da atención pediátrica no Centro de Saúde de Carnota"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia mantén o seu compromiso coa atención pediátrica no conxunto do territorio, a pesar do contexto de escaseza xeneralizada de profesionais en todo o Estado.

No caso de Carnota, o pediatra titular ten o seu centro de cabeceira en Muros e, debido a unha incapacidade temporal doutro facultativo, viuse obrigado a centralizar alí a actividade asistencial. Esta organización busca garantir a continuidade da atención en ambas as localidades, dentro das limitacións de profesionais actuais no sistema.

Cómpre lembrar que os médicos de familia están plenamente capacitados para atender a nenos e nenas, como parte do seu ciclo formativo. Ademais, o 95 % dos menores galegos reciben atención pediátrica no seu propio concello.

A Xunta leva anos aplicando medidas pioneiras para paliar o déficit de profesionais, como a Lei de postos de difícil cobertura ou a oferta do 100 % das prazas formativas dispoñibles. A cobertura da praza de pediatría e do persoal de enfermaría pediátrica en Carnota realizárase tan pronto como haxa profesionais dispoñibles para seren contratados.

O Goberno galego mantén a súa aposta por unha sanidade pública de calidade, tamén no rural, e traballa con responsabilidade e anticipación para garantir a mellor atención posible a toda a poboación, sabendo que o déficit de profesionais en determinadas especialidades, como o caso da Pediatría, é responsabilidade directa do Goberno de España".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 11:19:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:19:15
Nº Rexistro: 33296
Data envío: 05/09/2025 11:19:15.069

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 21604**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as contías dedicadas polo Goberno galego ás obras realizadas no espazo exterior que rodea o Centro de Saúde da Ponte, en Ourense, e a súa eventual modificación para optar por alternativas máis sustentables ambientalmente"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"As obras realizadas na contorna do Centro de Saúde de A Ponte son un proxecto con varias fases onde se intervén nos accesos, automatización, aparcadoiro e xardíns. O proxecto fíxose respetando en todo momento a normativa vixente".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 11:18:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:18:50
Nº Rexistro: 33292
Data envío: 05/09/2025 11:18:50.693

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número xxxx**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros deputados e deputadas, sobre **"a situación da oferta e a demanda de solo empresarial nos polígonos da área metropolitana de Ourense, as necesidades de mellora das súas comunicacións por estrada e por ferrocarril, así como sobre as actuacións que estima necesario desenvolver a Xunta de Galicia respecto desta cuestión"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria** en colaboración coa **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A dispoñibilidade de solo empresarial nos lugares e condicións adecuadas, e a prezos alcanzables, é unha das cuestións prioritarias que poden afectar ao desenvolvemento de proxectos empresariais. Por esta razón, a Xunta de Galicia está a levar diversas actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo ao longo de toda a Comunidade Autónoma, que facilite a implantación e crecemento das empresas, e contribúa á creación de emprego, especialmente no sector empresarial.

Ao igual que no resto de comarcas de Galicia, no caso da de Ourense, a Xunta de Galicia considera importante desenvolver actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo empresarial.

En relación ás medidas desenvolvidas pola Xunta de Galicia, a planificación do solo empresarial realízase a través do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOATEG). Este instrumento planifica e localiza a superficie de solo empresarial de carácter supramunicipal, e define os ámbitos do territorio susceptibles de acoller actuacións deste tipo para cubrir as necesidades a longo prazo. O desenvolvemento do solo empresarial nas áreas empresariais de interese autonómico vén regulado principalmente na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia. Polo tanto, o desenvolvemento do solo empresarial depende das tramitacións dos procedementos administrativos previstos na normativa, así como da dispoñibilidade de recursos orzamentarios e da priorización derivada das necesidades reais de solo empresarial nas distintas zonas da Comunidade Autónoma.

O parque empresarial do Pereiro de Aguiar levouse a cabo en distintas fases, rematándose en novembro de 2009 as obras de urbanización da última fase, denominada Polígono 2B. O Polígono 1 conta cunha superficie lucrativa de 164.662 m² e foi posto á venda arredor de 1996; o Polígono 2A conta cunha superficie lucrativa de 118.191,58 m² e foi posto á venda en xuño de 2005; mentres que o Polígono 2B inclúe unha superficie lucrativa de 82.883 m² e púxose á venda en outubro de 2008. O investimento total nas tres fases foi de 12.742.568€.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Na segunda modificación do PSOAEG, cuxa aprobación definitiva produciuse o 21 de decembro de 2023 (DOG 25 de xaneiro de 2024), inclúese a ampliación deste parque empresarial – Fase III (código 32058014).

A ampliación do parque empresarial do Pereiro de Aguiar está en marcha por parte da Xunta de Galicia cunha superficie total de 231.107 m². Con data 17 de abril de 2023 Xestión do Solo de Galicia SA (en diante, Xestur) licitou o servizo de redacción do plan estruturante de ordenación de solo empresarial (PEOSE) e os instrumentos de desenvolvemento e execución. Unha vez aprobada a modificación 2 do PSOAEG, o contrato adxudicouse o 30 de xaneiro de 2024 a Ordenación Territorial, Infraestruturas e Medio Ambiente S.L. (OTIMA).

O 23 de xullo de 2024 solicitouse á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático o inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade emitiu o informe ambiental estratéxico do PEOSE con data 23 de outubro de 2024.

Á vista do informe ambiental estratéxico redáctase o PEOSE para aprobación inicial. Mediante resolución do 28 de febreiro de 2025, da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial procédese á aprobación inicial do PEOSE do parque empresarial do Pereiro de Aguiar-Fase III. Mediante anuncio do 3 de marzo de 2025, publicado no DOG e BOP de Ourense con data 19 de marzo de 2025, sométese a información pública o documento aprobado inicialmente para que calquera persoa interesada puidese achegar cantas observacións e suxestións considere convenientes.

Simultaneamente ao trámite de información pública, a aprobación inicial do plan foi notificada individualmente ás persoas titulares catastrais dos terreos afectados, deuse audiencia ás deputacións provinciais e ás entidades locais sobre as que incide o plan e solicitaranse ás administracións públicas competentes os informes sectoriais preceptivos.

Actualmente, estase traballando en adaptar o documento ao resultado dos trámites de información pública e audiencia, así como dos informes emitidos polos distintos organismos sectoriais antes de proceder á aprobación definitiva do documento.

Por outra banda, a Xunta de Galicia a través de Xestur está promovendo a actuación de ampliación de solo empresarial en San Cibrao das Viñas nos terreos da antiga ampliación do Parque Tecnolóxico de Galicia, actuación incluída no PXOM de San Cibrao das Viñas. Con data 30 de abril de 2024 foi aprobada definitivamente a modificación do plan parcial co obxectivo da adaptación ao plan sectorial da rede viaria de Ourense, así como a reordenación do ámbito.

Xestur presentou o proxecto de urbanización no rexistro do concello de San Cibrao das Viñas o 2 de xullo de 2024 para tramitación. O proxecto foi aprobado inicialmente e sometido a información pública o 16 de xaneiro de 2025, así mesmo, foron recadados os informes sectoriais pertinentes. Actualmente, encóntrase en redacción a versión final do proxecto para aprobación definitiva.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Ademais, a Xunta de Galicia ten impulsado tamén a creación doutras figuras que facilitan a implantación de actividades industriais no territorio de Galicia, como os proxectos industriais estratéxicos, definidos como iniciativas empresariais que se estime que teñen tal carácter pola súa función no desenvolvemento, implantación ou execución da política industrial autonómica e a súa incidencia económica ou social e que cumpran unha serie de requisitos establecidos no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

Nesta liña, na Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas inclúese a modificación do Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en política industrial, engadindo a posibilidade de tramitación conxunta de proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial e proxectos industriais estratéxicos, poñendo, deste xeito, a disposición do tecido empresarial unha posibilidade de desenvolver solo de xeito áxil con redución de prazos.

Igualmente na citada Lei 5/2024, inclúense, entre as medidas temporais e excepcionais dirixidas á creación de solo empresarial, os proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial en municipios rurais cunha tramitación simplificada, na cal se posibilita a redución dos prazos xerais para actuacións de solo empresarial en municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes para crear unha área empresarial de ata 5 ha.

En relación ás melloras nos parques empresariais existentes a Xunta de Galicia concedeu axudas para melloras do parque empresarial do Pereiro de Aguiar. Así no ano 2024 concedeu unha axuda de 38.103,79 € para a mellora da eficiencia enerxética na iluminación do parque empresarial e unha axuda de 36.603,12 € para a mellora da infraestrutura viaria no parque empresarial. No ano en curso tamén se concedeu unha axuda por importe de 119.966,77 € para melloras no pavimento e sinalización de viales do parque empresarial.

No concello de San Cibrao das Viñas concedéronse axudas no ano 2024 para a instalación eléctrica de BT a mellora da rede troncal de vídeo vixilancia do polígono de Barreiros (41.383,84 €) e no polígono de San Cibrao das Viñas (41.443,38 €).

Por outro lado, dende a AXI levouse a cabo nos últimos anos un inxente esforzo na área metropolitana de Ourense por ofrecer unhas conexións adaptadas ás necesidades dos usuarios das vías, combinando dinamismo e seguridade viaria. As áreas empresariais, nas súas funcións de motores económicos das poboacións nas que se asentán, non foron unha excepción.

En canto á conectividade coa rede viaria, o acceso principal de acordo coa planificación en materia de estradas do Estado correspóndese coa Rolda Este de Ourense. Foi planificada no Plan Sectorial da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia como parte da Rolda Este de Ourense, e o Estado asumíuna na súa propia planificación (PITVI) para a súa execución.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Non obstante, o primeiro treito (A-52 – N-525) desta rolda, que mellorou significativamente o acceso aos parques empresariais, foi executado pola Xunta de Galicia coa obra “Vial de conexión da A-52 co polígono industrial de San Cibrao das Viñas, treito A-52 – N-525”, cun investimento a prezos de licitación de 17.399.271,11€, e financiamento FEDER 14/20, nun 80%. As obras tiñan un prazo de 24 meses, que se cumpriu, tras a execución de 4,5 km, onde destacan as conexións resultantes ca rede viaria, como o enlace coa A-52 e a A-31 ou a glorieta coa N-525, ao sur do actual polígono industrial de San Cibrao.

Corresponde coa VG-3.1, que une Gargantós nun cruzamento coa A-52 e Noalla á altura da OU-525, ao seu paso polos Concellos de Taboada e San Cibrao das Viñas. Polos seus 4,5 km de lonxitude circulan uns 2.701 vehículos, segundo datos do 2024.

A continuidade da Rolda Este foi proposta ao Estado para o seu financiamento con cargo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia dos fondos europeos Next Generation, no marco dunha liña de actuación de “Conexión de polígonos industriais e centros loxísticos coa Rede Transeuropea de Transporte”.

Esta posibilidade de financiamento foi rexeitada polo Estado. Unha oportunidade perdida, a pesar de ter un encaixe moi claro nos seus obxectivos, ao tratarse da conexión cun polígono industrial e zona loxística coa rede transeuropea de transporte por estrada (A-52). Corresponde por tanto ao Estado, de acordo coa súa planificación, financiar a continuidade desta Rolda Este.

Por parte da Xunta, neste mesmo ano, vimos de aprobar o proxecto de trazado do treito da Rolda Este de Ourense no treito Bemposta coa N-525, e que dará continuidade ao treito Rairo-Bemposta do vial periférico que discorre polo leste da cidade de Ourense, pechando así a circunvalación de Ourense polo sur.

Neste último vial, de case 14 km, e que transcorre ademais por Allariz e Taboada, a Xunta de Galicia viuse obrigada a asumir a titularidade deste treito da N-525, rebautizado como OU-525, para facer posible a execución da obra de Acceso ao polígono de San Cibrao dende a A-52, ante a negativa do Ministerio de Fomento daquela a autorizar a conexión na N-525”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 13:59:59
Nº Rexistro: 33595
Data envío: 09/09/2025 13:59:59.977

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 13:59:59

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 24123**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres, don Oscar Insua Lema e dona Alexandra Fernández Gómez, sobre **"os sistemas de xestión dos biorresiduos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia é completamente consciente da importancia de fomentar e incentivar unha xestión adecuada dos residuos por parte de particulares e tamén das administración locais.

Neste sentido, estase a traballar no desenvolvemento do Plan Sectorial de Xestión de Residuos Municipais de Galicia 2030. Este plan ten como obxectivo implementar unha xestión máis eficiente e sostible dos residuos municipais, aliñándose cos principios da economía circular.

A Xunta reconece a compostaxe doméstica e comunitaria como unha alternativa válida para a maioría dos núcleos de poboación en Galicia e, como tal, está a promover a implantación desta recollida separada de biorresiduos, ben sexa mediante compostaxe in situ ou mediante contedores específicos, ou modelos mixtos, a través de subvencións ás entidades locais para a apoiar economicamente estas recollidas.

Precisamente, no marco do Plan Sectorial de Xestión de Residuos Municipais de Galicia 2030, recentemente, no mes de maio, púxose en marcha a Oficina de Economía Circular Municipal co obxectivo de reforzar esta colaboración activa cos concellos, prestándolles un servizo de asesoramento técnico e xurídico ao máis alto nivel en todas as áreas vinculadas coa xestión de residuos.

O Goberno galego, conforme ao Plan Sectorial de Residuos Municipais de Galicia 2030 e en simbiose co Plan Sectorial de Residuos Industriais 2030, ten como prioridade a valorización dos biorresiduos mediante diferentes métodos, incluíndo tamén a produción de biogás, que permite aproveitar os residuos orgánicos como fonte de enerxía renovable, reducindo así a dependencia de combustibles fósiles e diminuindo as emisións de gases de efecto invernadoiro".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33720
Data envío: 10/09/2025 16:21:35.911

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/09/2025 16:21:35

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 24234**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego, don Xosé Manuel Golpe Acuña e don Luís Bará Torres, sobre **"a postura do Goberno galego ante as alegacións presentadas ao proxecto da liña de alta tensión entre o parque eólico Monteagudo e a subestación de Morás, nos concellos de Arteixo, Carballo e A Laracha"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"Esta consellería está tramitando o procedemento de autorización de dita liña, en base ás competencias atribuídas polo Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Dentro do procedemento de autorización, esa liña foi sometida a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria, competencia da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.

O proxecto obtivo unha Declaración de Impacto Ambiental (DIA) favorable o 22.04.2024. Antes diso, foi sometido a información pública durante 30 días hábiles. Nese período recibíronse alegacións das persoas interesadas e do público en xeral, así como os informes sectoriais que foron solicitados de acordo coa normativa aplicable.

Segundo o disposto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, á vista do expediente completo, realizou a análise técnica do mesmo e formulou a DIA tendo en conta todos os elementos antes sinalados.

No caso das alegacións, cómpre indicar que todas quedaron resoltas dalgunha das seguintes formas: no contido dos informes dos organismos sectoriais con competencias na materia, na documentación complementaria que se incorporou ao expediente ao longo da tramitación ou no programa de vixilancia e seguimento ambiental da DIA.

Ademais, é preciso lembrar que en todas as declaracións de impacto ambiental existen condicionados específicos, ademais dos xerais, froito dos informes de cada órgano sectorial con competencias na defensa dos valores ou elementos que poidan verse afectados, tales como o patrimonio natural, o patrimonio cultural, a paisaxe, a saúde pública, etc."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33719
Data envío: 10/09/2025 16:21:28.909

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/09/2025 16:21:28

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25148**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo, don Xosé Manuel Golpe Acuña e don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre **"o novo plan industrial proposto por Navantia, as demandas da parte social dos seus centros en Ferrol e a opinión do Goberno galego sobre a posibilidade de recuperar a construción naval civil e de conseguir unha mellora do seu impacto económico nesa comarca"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"Tal e como se vén demostrando de forma reiterada, a Xunta de Galicia apoia os investimentos que se poidan realizar no estaleiro Navantia Ferrol co obxectivo de garantir a súa actividade actual e futura e, polo tanto, o mantemento do emprego asociado á construción naval na comarca de Ferrolterra.

Con respecto ao Plan industrial ao que se fai referencia na pregunta, que é idéntica a unha xa respondida en 2024, a Xunta de Galicia ten amosado o seu apoio, aínda que, a día de hoxe, non se teña constancia nin garantías do cumprimento de distintas promesas realizadas a principios do ano 2024 por parte do presidente do Goberno do Estado en relación á carga de traballo en Navantia Ferrol, máis aló de novos proxectos concretos, derivados do importante incremento de fondos que se van dedicar á seguridade e á defensa nos vindeiros anos.

Pola contra, por parte do Goberno galego trátase sempre de apoiar e axilizar as actuacións que poidan garantir a carga de traballo neste estaleiro. Así, o pasado mes de xullo de 2024, a Xunta de Galicia outorgou a Autorización Ambiental Integrada para a planta de construción e mantemento naval de Navantia en Ferrol. Con esta resolución complétanse os pasos para que a instalación obteña os permisos ambientais necesarios para desenvolver a actividade, dado que as súas características fan que teña que ser sometida a unha autorización ambiental integrada, figura de intervención administrativa que establece o condicionado medioambiental para a realización destes traballos.

A documentación recolle que a planta de reparación e construción de barcos de Ferrol desenvolverá actividades para o deseño, fabricación, construción, transformación, reparación e mantemento de buques, zonas de embarcacións, artefactos mariños (incluídas instalacións offshore), pequenas embarcacións e equipamentos industriais. Ao mesmo tempo, as instalacións servirán para a fabricación, montaxe e reparación de turbinas e aeroxeradores, incluíndo as súas estruturas de soporte fixas ou flotantes, para a súa posterior instalación no destino final.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por outra parte, o 29 de febreiro de 2024, o Consello da Xunta de Galicia acordou declarar seis sectores industriais como estratéxicos para Galicia, entre os que se atopa o da construción naval, para os efectos da elaboración dun plan director, figura prevista no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

Os plans directores dos distintos sectores industriais son ferramentas estratéxicas deseñadas para fomentar o desenvolvemento da actividade industrial en áreas específicas. O seu obxectivo é definir e establecer as medidas necesarias para impulsar estes sectores, con miras a fortalecer todo o tecido industrial da Comunidade Autónoma de Galicia e promover a creación e mantemento do emprego na industria.

As medidas contempladas nos plans están orientadas a fortalecer o tecido industrial galego. Isto inclúe mellorar a competitividade das industrias existentes, fomentar a súa internacionalización, promover a sustentabilidade e impulsar a innovación nos seus procesos produtivos. O fin último é incrementar o emprego industrial de calidade en Galicia. Ademais, estas medidas tamén están dirixidas a atraer investimentos que reforcen o tecido industrial galego, aproveitando e fortalecendo as sinerxías tanto sectoriais como intersectoriais.

No caso do sector da construción naval, e trala colaboración levada a cabo coas entidades representativas do mesmo, entre elas Navantia, así como coas distintas Consellerías e entidades da Xunta de Galicia con competencias afectadas pola actividade industrial, en marzo 2025 aprobouse o Plan Director da construción naval 2025-2027, cun orzamento de máis de 62 millóns de euros e que inclúe 62 medidas destinadas a impulsar a dinamización industrial, a formación, a innovación e a mellora das infraestruturas e do solo industrial.

Por outra parte, cómpre salientar que o impacto de Navantia no tecido empresarial da comarca é Ferrol é moi relevante e non se limita aos empregos directos que xera esta sociedade, senón tamén aos creados en empresas auxiliares. Por parte da Xunta de Galicia, valórase positivamente o aproveitamento das oportunidades de captación de actividade que permitan o mantemento e crecemento da actividade en Navantia. E, neste sentido, a Xunta de Galicia ten demandado ao Goberno do Estado a adxudicación a Navantia - Ría de Ferrol das construcións militares de mediano e grande porte, como viña sendo norma historicamente; a introdución de Navantia - Ría de Ferrol nos segmentos de maior carga tecnolóxica das actividades relacionadas coas enerxías renovables e a descarbonización da mobilidade marítima; a dotación de novas infraestruturas, como un dique para nova construción e outro para reparacións de maiores dimensións que o actual dique 3, así como mellorar e aumentar a capacidade dos sistemas de elevacións de cargas; ou a descentralización da política de compras e subcontratacións, favorecendo o tecido empresarial do territorio de referencia para Navantia - Ría de Ferrol.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





De forma xeral, todas as medidas que está impulsando a Xunta de Galicia a favor do sector naval enmárcanse dentro dunha estratexia xeral de apoio á industria e á actividade económica, impulsando tanto novos proxectos como a ampliación dos existentes, co obxectivo último de crear emprego estable e de calidade.

Finalmente, cómpre salientar que a Xunta de Galicia xa ten anunciado que o CIS Ferrol se converterá nunha referencia para a innovación tecnolóxica en enerxías mariñas e almacenamento enerxético, co obxectivo de situar o ecosistema galego destas dúas industrias como referentes nacionais e internacionais na subministración de bens e servizos en toda a cadea de valor, promover a competitividade destas industrias galegas e dotar a Galicia de infraestruturas científicas e tecnolóxicas de proba e demostración, fomentar a creación de emprego cualificado nesta industria e reivindicar o papel destas enerxías na redución das emisións de CO2".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 13:59:54
Nº Rexistro: 33594
Data envío: 09/09/2025 13:59:54.025

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 13:59:53

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25870**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e don Ramón Fernández Alfonso, sobre **"o conflito laboral do colectivo de traballadores e traballadoras da dobraxe en Galicia e o papel que está a desenvolver o Goberno galego para desbloquear a situación"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, a través do Consello Galego de Relacións Laborais, está a mediar na negociación do convenio colectivo.

En concreto, no ano 2024 promoveu un expediente de mediación ao abeiro do AGA (Expediente 37/2024) polo bloqueo na negociación do convenio, rematando sen acordo entre as partes.

Na actualidade, a comisión negociadora do convenio colectivo reuniuse en data do 25 de maio de 2025, acordando as partes integrantes da mesma continuar con negociación do convenio en vindeiras xuntanzas, sen que conste no Consello Galego de Relacións Laborais convocatoria algunha posterior nestes momentos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 11:01:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:01:26
Nº Rexistro: 33288
Data envío: 05/09/2025 11:01:26.603

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25945**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas e don Ramón Fernández Alfonzo, sobre **"a estratexia que desenvolve o Goberno galego no seu apoio á industria da automoción e o grao de eficacia das actuais liñas de axudas destinadas a este sector"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O sector da automoción galego conta cunha das cadeas de valor máis completas de Europa. Esta cadea de valor está aglutinada no Clúster de Automoción e Mobilidade de Galicia (Ceaga), que é o axente especificamente dirixido a este sector e que conforma un completo ecosistema colaborativo de innovación con máis de 200 compañías, ás que se suman as máis de 80 startups creadas no seo da aceleradora Business Factory Auto & Mobility.

Non obstante, todo o sector da automoción europeo está a vivir un momento complexo, orixinado por diversas cuestións. Entre elas, destaca a ambiciosa transición da Unión Europea cara a unha economía sustentable e climaticamente neutra, que ten implicacións cada vez máis profundas para as rexións, as persoas traballadoras, as industrias e a sociedade europea en xeral.

Esta transición require unha transformación socioeconómica, especialmente nas rexións que dependen dos combustibles fósiles e das industrias de gran consumo de enerxía, xa que pon en perigo a base económica tradicional das devanditas rexións. Desde 2019, a Unión Europea desenvolveu un amplo marco de políticas e iniciativas destinadas a facilitar a dobre transición ecolóxica e dixital.

O "Ditame do Comité Europeo das Rexións-Unha transición xusta e sustentable das rexións con industria de automoción" fai énfase en múltiples implicacións da transición e, entre elas, lembra a necesidade de reducir drasticamente as emisións de gases de efecto invernadoiro. É necesario actuar con decisión, especialmente no transporte por estrada, cuxa elevada proporción de emisións non se reduciu ata a data de forma sustentable. En prol da sustentabilidade, tomouse a decisión de prohibir a matriculación de vehículos convencionais de gasolina e diésel en toda a UE a partir de 2035. Respecto da apertura tecnolóxica, convén seguir permitindo tras esa data a homologación dos motores que funcionen con electrocombustibles climaticamente neutros. Subliña, ademais, a necesidade de aumentar a sustentabilidade do sistema de mobilidade para alcanzar os obxectivos climáticos e que esta dobre transformación terá un profundo impacto nos ecosistemas automobilísticos rexionais.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por tanto, unha estratexia europea de transformación integral é fundamental para a UE, xa que a industria automobilística está moi integrada a través das fronteiras nacionais e a mobilidade de persoas e mercadorías é un factor importante nun sistema económico moderno. Europa debe adoptar as novas tecnoloxías e converterse en líder tecnolóxico se desexa seguir sendo competitiva a escala mundial. Esta estratexia debe centrarse en como investigar e desenvolver novas tecnoloxías, á vez que se apoia ás rexións con industria de automoción máis afectadas e vulnerables na súa transición mediante a reciclaxe profesional e o desenvolvemento de capacidades. Sinala que a transformación da mobilidade automobilística tamén repercutirá no sector dos servizos (talleres, gasolineiras, tendas de pezas de recambio etc.), o que debe mitigarse desde o punto de vista social.

A transición das rexións con industria de automoción require a transición de todo un sistema de servizos en torno ao automóbil e o seu mantemento, centrado na reciclaxe e a mellora das capacidades da man de obra (rexional) e no marco a escala da UE para as capacidades e o emprego. Subliña a importancia da electrificación da industria automobilística e sinala que é preciso centrarse nas súas cadeas de valor, a eficiencia das baterías e a fabricación de equipamentos utilizados nesta industria. A produción está cada vez máis orientada aos procesos e é por conta do propio fabricante. É necesario transformar as industrias tradicionais para convertelas en provedoras das novas tecnoloxías e sectores, e, en consecuencia, o reaxuste das competencias é un factor importante para afrontar os retos do futuro.

Nesta conxuntura, a industria da automoción europea enfróntase a un gran desafío para manter a súa competitividade a futuro e isto vén impactando na estabilidade das industrias nas rexións con industria de automoción, particularmente en Galicia. Esta situación debe abordarse, sen dúbida, con proxectos a longo prazo e coa intervención directa das institucións e fondos comunitarios, iso sen prexuízo de que as rexións traten de paliar no posible os impactos aos que se ve sometido o sector de modo máis inmediato.

Por iso, a Xunta de Galicia, consciente destas circunstancias, decidiu abordar unha primeira medida extraordinaria, dirixida a reducir parcialmente os custos de investimento recentes realizados polas empresas galegas do sector de automoción neste mesmo exercicio 2024 cunha axuda inmediata e dotada con 18 millóns de euros, como primeiro escudo de apoio ao sector na súa transición á mobilidade sustentable, particularmente á electromobilidade, cunha convocatoria publicada no Diario Oficial de Galicia do 2 de xullo de 2024.

En relación con esta convocatoria, na pregunta indícase que “quedaron solicitudes sen apoio”, o cal non é certo, xa que todas as solicitudes que cumprían os requisitos da convocatoria foron beneficiarias dunha axuda.

En relación á cuestión relativa á razón da interposición dun recurso administrativo contra as bases reguladoras das axudas a proxectos que impulsen e reforcen a transición á cadea de valor do vehículo eléctrico e á descarbonización do sector de automoción de Galicia, por lóxica, debería facerse á entidade que o interpuxo e non á Xunta de Galicia, que entende que este recurso carece de fundamento xurídico.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por outra parte, cómpre salientar que o Goberno galego está a manter un diálogo permanente e construtivo con todo o sector da automoción e, froito del, estanse a levar acabo numerosas accións de cooperación. Entre elas, destaca a colaboración levada a cabo coas entidades representativas deste sector para a elaboración do Plan director da automoción para o período 2025-2027, aprobado o 17 de marzo do 2025, que busca promover a transformación tecnolóxica e dixital, mellorar a capacitación dos profesionais e fomentar a colaboración entre empresas, centros de investigación e administracións públicas, co fin de acompañar o sector no seu proceso de transición e fortalecer a súa competitividade futura. Desprégase en torno a dous obxectivos estratéxicos, cinco eixes e sete ámbitos de prioridades con 67 medidas que se desenvolverán ata o ano 2027 de apoio ao sector da automoción por parte das distintas consellerías da Xunta de Galicia.

Entre as medidas inclúese unha dirixida a reforzar o diálogo coa previsión de que, no marco do diálogo social, se constitúa unha Mesa de Economía e Industria e, no seo dela, a creación dun grupo de traballo para o sector da Automoción a fin de analizar as demandas e propoñer as medidas máis acaídas que favorezan o desenvolvemento deste sector. Prevese que na constitución deste grupo de traballo participen todas as organizacións integrantes da mesa do diálogo social.

En consecuencia, e a pesar do momento complexo que este sector está atravesando, a Xunta de Galicia está a acometer medidas ambiciosas para promover a actividade industrial e o emprego no sector do automóbil, e que permiten paliar a baixa execución dos fondos asignados aos PERTE industriais que o Estado decidiu, de forma unilateral, xestionar sen a necesaria participación das Comunidades Autónomas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 13:59:48
Nº Rexistro: 33593
Data envío: 09/09/2025 13:59:48,190

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 13:59:47

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 26371**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego, dona Rosana Pérez Fernández e dona Mercedes Queixas Zas, sobre **"as intencións da Xunta de Galicia en relación coas actuacións para instalar a rede de saneamento do porto de Lorbé, en Oleiros"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O saneamento é unha competencia que corresponde á Administración local. É o concello o responsable deste servizo básico, o dí a normativa en vigor ao respecto. Márcao a lei, se regula principalmente na Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local (LRBRL). Artículo 25.

No caso do porto de Lorbé a prestación do servizo de saneamento está garantida a través dun sistema de saneamento por gravidade que funciona e resulta efectiva para dar resposta ás necesidades portuarias.

Non constan en Portos de Galicia nin Augas de Galicia vertidos de augas fecais no porto de Lorbé debido a problemas no sistema de saneamento destas instalacións. Non consta ningunha denuncia nin do Seprona, nin da Guardia Civil nin outras entidades competentes neste sentido. Tampoco constan vertidos na depuradora de moluscos.

Dada por tanto unha situación na que a falta de rede de saneamento non afecta ao normal funcionamento das instalacións portuarias senón que se trata dunha necesidade municipal e dado que como dixemos o saneamento municipal é competencia do Concello, a Xunta de Galicia amosa a súa vontade de colaboración institucional co Concello de Oleiros para que este poida poñer en funcionamento dita rede.

A vontade de colaboración da Xunta co Concello de Oleiros nesta materia está avalada polas actuacións xa desenvolvidas por Augas de Galicia neste sentido, que ascenden a máis de 7 millóns de euros".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 11:01:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:01:09
Nº Rexistro: 33286
Data envío: 05/09/2025 11:01:09.347

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 26879**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso, don Xosé Manuel Golpe Acuña e don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre **"as demandas da parte social dos centros de Navantia en Ferrol no que concirne ao impulso da actividade da industria naval nesta ría"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"Tal e como se vén demostrando de forma reiterada, a Xunta de Galicia apoia os investimentos que se poidan realizar no estaleiro Navantia Ferrol co obxectivo de garantir a súa actividade actual e futura e, polo tanto, o mantemento do emprego asociado á construción naval na comarca de Ferrolterra.

Con respecto ao Plan industrial ao que se fai referencia na pregunta, a Xunta de Galicia ten amosado o seu apoio, aínda que, a día de hoxe, non se teña constancia nin garantías do cumprimento de distintas promesas realizadas a principios do ano 2024 por parte do presidente do Goberno do Estado en relación á carga de traballo en Navantia Ferrol, máis aló de novos proxectos concretos, derivados do importante incremento de fondos que se van dedicar á seguridade e á defensa nos vindeiros anos.

Pola contra, por parte do Goberno galego trátase sempre de apoiar e axilizar as actuacións que poidan garantir a carga de traballo neste estaleiro. Así, o pasado mes de xullo de 2024, a Xunta de Galicia outorgou a Autorización Ambiental Integrada para a planta de construción e mantemento naval de Navantia en Ferrol. Con esta resolución complétanse os pasos para que a instalación obteña os permisos ambientais necesarios para desenvolver a actividade, dado que as súas características fan que teña que ser sometida a unha autorización ambiental integrada, figura de intervención administrativa que establece o condicionado medioambiental para a realización destes traballos.

A documentación recolle que a planta de reparación e construción de barcos de Ferrol desenvolverá actividades para o deseño, fabricación, construción, transformación, reparación e mantemento de buques, zonas de embarcacións, artefactos mariños (incluídas instalacións offshore), pequenas embarcacións e equipamentos industriais. Ao mesmo tempo, as instalacións servirán para a fabricación, montaxe e reparación de turbinas e aeroxeradores, incluíndo as súas estruturas de soporte fixas ou flotantes, para a súa posterior instalación no destino final.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por outra parte, o 29 de febreiro de 2024, o Consello da Xunta de Galicia acordou declarar seis sectores industriais como estratéxicos para Galicia, entre os que se atopa o da construción naval, para os efectos da elaboración dun plan director, figura prevista no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

Os plans directores dos distintos sectores industriais son ferramentas estratéxicas deseñadas para fomentar o desenvolvemento da actividade industrial en áreas específicas. O seu obxectivo é definir e establecer as medidas necesarias para impulsar estes sectores, con miras a fortalecer todo o tecido industrial da Comunidade Autónoma de Galicia e promover a creación e mantemento do emprego na industria.

As medidas contempladas nos plans están orientadas a fortalecer o tecido industrial galego. Isto inclúe mellorar a competitividade das industrias existentes, fomentar a súa internacionalización, promover a sustentabilidade e impulsar a innovación nos seus procesos produtivos. O fin último é incrementar o emprego industrial de calidade en Galicia. Ademais, estas medidas tamén están dirixidas a atraer investimentos que reforcen o tecido industrial galego, aproveitando e fortalecendo as sinerxías tanto sectoriais como intersectoriais.

No caso do sector da construción naval, e trala colaboración levada a cabo coas entidades representativas do mesmo, entre elas Navantia, así como coas distintas Consellerías e entidades da Xunta de Galicia con competencias afectadas pola actividade industrial, en marzo 2025 aprobouse o Plan Director da construción naval 2025-2027, cun orzamento de máis de 62 millóns de euros e que inclúe 62 medidas destinadas a impulsar a dinamización industrial, a formación, a innovación e a mellora das infraestruturas e do solo industrial.

Por outra parte, cómpre salientar que o impacto de Navantia no tecido empresarial da comarca é Ferrol é moi relevante e non se limita aos empregos directos que xera esta sociedade, senón tamén aos creados en empresas auxiliares. Por parte da Xunta de Galicia, valórase positivamente o aproveitamento das oportunidades de captación de actividade que permitan o mantemento e crecemento da actividade en Navantia. E, neste sentido, a Xunta de Galicia ten demandado ao Goberno do Estado a adxudicación a Navantia - Ría de Ferrol das construcións militares de mediano e grande porte, como viña sendo norma historicamente; a introdución de Navantia - Ría de Ferrol nos segmentos de maior carga tecnolóxica das actividades relacionadas coas enerxías renovables e a descarbonización da mobilidade marítima; a dotación de novas infraestruturas, como un dique para nova construción e outro para reparacións de maiores dimensións que o actual dique 3, así como mellorar e aumentar a capacidade dos sistemas de elevacións de cargas; ou a descentralización da política de compras e subcontratacións, favorecendo o tecido empresarial do territorio de referencia para Navantia - Ría de Ferrol.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





De forma xeral, todas as medidas que está impulsando a Xunta de Galicia a favor do sector naval enmárcanse dentro dunha estratexia xeral de apoio á industria e á actividade económica, impulsando tanto novos proxectos como a ampliación dos existentes, co obxectivo último de crear emprego estable e de calidade.

Finalmente, cómpre salientar que a Xunta de Galicia xa ten anunciado que o CIS Ferrol se converterá nunha referencia para a innovación tecnolóxica en enerxías mariñas e almacenamento enerxético, co obxectivo de situar o ecosistema galego destas dúas industrias como referentes nacionais e internacionais na subministración de bens e servizos en toda a cadea de valor, promover a competitividade destas industrias galegas e dotar a Galicia de infraestruturas científicas e tecnolóxicas de proba e demostración, fomentar a creación de emprego cualificado nesta industria e reivindicar o papel destas enerxías na redución das emisións de CO2".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 13:59:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 13:59:31
Nº Rexistro: 33590
Data envío: 09/09/2025 13:59:31.023

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 27566**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona Paloma Castro Rey, sobre **"os datos referidos á externalización de funcións no Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as previsións do Goberno galego en canto ao reforzamento dos recursos deste instituto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego é plenamente consciente da importancia de contar cun Instituto Galego de Promoción Económica forte, con capacidade técnica e con recursos suficientes para acompañar ao noso tecido empresarial. Por iso, lonxe de depender da externalización, a prioridade é reforzar os medios propios do Igape e poñelos ao servizo das empresas.

En primeiro lugar, cómpre subliñar que o orzamento do Igape para 2025 ascende a 278 millóns de euros, cun incremento do 20% respecto ao ano anterior. Este aumento tradúcese en máis recursos para impulsar a competitividade, apoiar a transformación dixital e sostible, facilitar o acceso ao financiamento e potenciar a internacionalización das empresas galegas.

Dentro deste marco, destaca o papel da Oficina Económica de Galicia, concibida como unha canle única de relación co tecido produtivo. Con máis de 26.000 consultas atendidas desde a súa posta en marcha e preto de 1.300 reunións de asesoramento presencial, a oficina permite reducir a burocracia e ofrecer un acompañamento personalizado ás empresas e aos investidores.

Esta fórmula representa un cambio de paradigma: en lugar de dispersar servizos ou derivar funcións a terceiros, concéntrase a atención en equipos propios, con persoal do Igape especializado e coñecedor da realidade económica galega, dos marcos de apoio existentes e dos procedementos administrativos correspondentes, apoiados por unha rede de colaboradores externos, expertos en áreas clave como financiamento, innovación, enerxía ou estratexia empresarial, e tamén en novas temáticas que podan demandar as empresas.

A Oficina Económica conta, así mesmo, cunha rede de apoio complementaria a través das antenas do Igape no exterior (China, Estados Unidos, Marrocos, México, Emiratos Árabes Unidos e Xapón) e coa próxima apertura dun punto de atención en Madrid, que reforzará a captación de investimentos e o acompañamento ás empresas galegas nos mercados internacionais.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





En definitiva, a aposta da Xunta non é incrementar a externalización senón fortalecer a estrutura interna do Igape, incrementar o seu orzamento e poñer en marcha novas ferramentas que dean resposta á realidade empresarial de hoxe. O obxectivo é claro: dotar a Galicia dun organismo público con máis capacidade, máis recursos e máis proximidade, capaz de deseñar e executar políticas económicas ao servizo do interese xeral”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 13:50:51
Nº Rexistro: 33580
Data envío: 09/09/2025 13:50:51.255

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 13:50:51

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 27567**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"os datos referidos á externalización de funcións no Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as previsións do Goberno galego en canto ao reforzamento dos recursos deste instituto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego é plenamente consciente da importancia de contar cun Instituto Galego de Promoción Económica forte, con capacidade técnica e con recursos suficientes para acompañar ao noso tecido empresarial. Por iso, lonxe de depender da externalización, a prioridade é reforzar os medios propios do Igape e poñelos ao servizo das empresas.

En primeiro lugar, cómpre subliñar que o orzamento do Igape para 2025 ascende a 278 millóns de euros, cun incremento do 20% respecto ao ano anterior. Este aumento tradúcese en máis recursos para impulsar a competitividade, apoiar a transformación dixital e sostible, facilitar o acceso ao financiamento e potenciar a internacionalización das empresas galegas.

Dentro deste marco, destaca o papel da Oficina Económica de Galicia, concibida como unha canle única de relación co tecido produtivo. Con máis de 26.000 consultas atendidas desde a súa posta en marcha e preto de 1.300 reunións de asesoramento presencial, a oficina permite reducir a burocracia e ofrecer un acompañamento personalizado ás empresas e aos investidores.

Esta fórmula representa un cambio de paradigma: en lugar de dispersar servizos ou derivar funcións a terceiros, concéntrase a atención en equipos propios, con persoal do Igape especializado e coñecedor da realidade económica galega, dos marcos de apoio existentes e dos procedementos administrativos correspondentes, apoiados por unha rede de colaboradores externos, expertos en áreas clave como financiamento, innovación, enerxía ou estratexia empresarial, e tamén en novas temáticas que podan demandar as empresas.

A Oficina Económica conta, así mesmo, cunha rede de apoio complementaria a través das antenas do Igape no exterior (China, Estados Unidos, Marrocos, México, Emiratos Árabes Unidos e Xapón) e coa próxima apertura dun punto de atención en Madrid, que reforzará a captación de investimentos e o acompañamento ás empresas galegas nos mercados internacionais.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



En definitiva, a aposta da Xunta non é incrementar a externalización senón fortalecer a estrutura interna do Igape, incrementar o seu orzamento e poñer en marcha novas ferramentas que dean resposta á realidade empresarial de hoxe. O obxectivo é claro: dotar a Galicia dun organismo público con máis capacidade, máis recursos e máis proximidade, capaz de deseñar e executar políticas económicas ao servizo do interese xeral”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 13:50:45
Nº Rexistro: 33579
Data envío: 09/09/2025 13:50:45,546

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 13:50:45

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 27568**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona Lara Méndez López, sobre **"os datos referidos á externalización de funcións no Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as previsións do Goberno galego en canto ao reforzamento dos recursos deste instituto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego é plenamente consciente da importancia de contar cun Instituto Galego de Promoción Económica forte, con capacidade técnica e con recursos suficientes para acompañar ao noso tecido empresarial. Por iso, lonxe de depender da externalización, a prioridade é reforzar os medios propios do Igape e poñelos ao servizo das empresas.

En primeiro lugar, cómpre subliñar que o orzamento do Igape para 2025 ascende a 278 millóns de euros, cun incremento do 20% respecto ao ano anterior. Este aumento tradúcese en máis recursos para impulsar a competitividade, apoiar a transformación dixital e sostible, facilitar o acceso ao financiamento e potenciar a internacionalización das empresas galegas.

Dentro deste marco, destaca o papel da Oficina Económica de Galicia, concibida como unha canle única de relación co tecido produtivo. Con máis de 26.000 consultas atendidas desde a súa posta en marcha e preto de 1.300 reunións de asesoramento presencial, a oficina permite reducir a burocracia e ofrecer un acompañamento personalizado ás empresas e aos investidores.

Esta fórmula representa un cambio de paradigma: en lugar de dispersar servizos ou derivar funcións a terceiros, concéntrase a atención en equipos propios, con persoal do Igape especializado e coñecedor da realidade económica galega, dos marcos de apoio existentes e dos procedementos administrativos correspondentes, apoiados por unha rede de colaboradores externos, expertos en áreas clave como financiamento, innovación, enerxía ou estratexia empresarial, e tamén en novas temáticas que podan demandar as empresas.

A Oficina Económica conta, así mesmo, cunha rede de apoio complementaria a través das antenas do Igape no exterior (China, Estados Unidos, Marrocos, México, Emiratos Árabes Unidos e Xapón) e coa próxima apertura dun punto de atención en Madrid, que reforzará a captación de investimentos e o acompañamento ás empresas galegas nos mercados internacionais.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



En definitiva, a aposta da Xunta non é incrementar a externalización senón fortalecer a estrutura interna do Igape, incrementar o seu orzamento e poñer en marcha novas ferramentas que dean resposta á realidade empresarial de hoxe. O obxectivo é claro: dotar a Galicia dun organismo público con máis capacidade, máis recursos e máis proximidade, capaz de deseñar e executar políticas económicas ao servizo do interese xeral”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 13:50:39
Nº Rexistro: 33578
Data envío: 09/09/2025 13:50:39.389

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 13:50:39

CSV: BOPGDSPG-hyobiBLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 30543**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"a valoración e medidas que prevé adoptar o Goberno galego en relación á situación laboral das persoas traballadoras das contratas encargadas do mantemento da autovía AG-41"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O pasado 31 de decembro de 2024 fíxose efectivo o rescate dos contratos de concesión das autoestradas de O Salnés, da Barbanza, Ourense-Celanova e Santiago-Brión, posibilitando eliminar as peaxes en sombra que se viñan pagando anualmente, para a presente anualidade e liberando tamén os créditos de 2026 ata o final das concesións.

Á ratificación do rescate seguiu un período de transición a partir do 1 de xaneiro de 2025 no que as antigas concesionarias seguen prestando o servizo, ata que se faga cargo das mesmas a adxudicataria do novo contrato de conservación ordinaria da Rede Autonómica de Estradas.

A Xunta está a deseñar un proceso ordenado e de transición que permitiu non deixar en ningún momento de atender a conservación das propias autovías, e tamén xestionar de modo axeitado a subrogación do persoal de conservación das mesmas aos novos contratos de conservación. É dicir, a Xunta de Galicia traballa para garantir a subrogación de todos os postos de traballo que resulten da aplicación do Convenio xeral do sector da construción vinculados ás autoestradas do Salnés, do Barbanza, Ourense- Celanova, e máis Santiago-Brión.

Ao respecto dos pregos dos novos contratos de conservación ordinaria e vialidade invernala da Axencia Galega de Infraestruturas, considérase que están correctamente fundamentados, recollendo, como se sinalou, a subrogación de todo o persoal das antigas concesionarias que procede de acordo coa normativa en materia laboral e os convenios colectivos, e establecendo un cadro de persoal para os novos contratos acorde ás funcións a realizar".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:


REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 13:50:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 13:50:19
Nº Rexistro: 33576
Data envío: 09/09/2025 13:50:19.437

CSV: BOPGDSPG-hyobiJLL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

